**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14

**CONCELLO DE COIRÓS**

**ACTA Nº 2026/20**
**SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Na Casa do Concello de Coirós, sendo as 14:20 horas do día 22 de outubro de 2026, baixo a presidencia do alcalde, reúnense os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Preside a sesión o alcalde-presidente D. Francisco Quintela Requeijo, asistindo os Sres/as. Concelleiros/as:

CONCELLEIROS PRESENTES
- D. Juan Carlos García Barreiro
- Dª. María Yolanda Valiño Pena

AUSENCIAS:
- D. Francisco Manuel Crespo Gómez

Actúa como secretaria María Cristina Varela García, secretaria-interventora do Concello de Coirós.

Declarado aberto o acto, e dado que existe o quórum esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, comeza o debate dos asuntos incluídos na orde do día.

**1.º Aprobación da acta da sesión anterior celebrada o 9 de outubro de 2026.**

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. alcalde pregunta se algún membro da Xunta de Goberno Local ten que formular algunha observación á citada acta.

Non habendo observacións, queda aprobada a acta da sesión ordinaria do 9 de outubro de 2026.

**2º. Padróns fiscais e dereitos de ingreso**

**2.1. AUTORIZACIÓN ACOMETIDA AUGA E SANEAMENTO. EXPTE: 2026/U010/000011**

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 21 de outubro de 2026, que se transcribe literalmente:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: YSWOT6b6jpKwRPgBRAK9 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14

**CONCELLO DE COIRÓS**

**“PROPOSTA DE ACORDO**

**Asunto:AUTORIZACIÓN ACOMETIDA AUGA E SANEAMENTO. EXPTE: 2026/U010/000011**

Visto o informe técnico emitido pola arquitecta municipal Iria Pérez Miranda en data 21.10.2026, que literalmente di:

“ INFORME TÉCNICO **EXP:2026/U010/000011**

| | |
|---|---|
| DATA: | RE-999_1137 (25/09/2026) -RE-999_1232 (21/10/2026) |
| ASUNTO: | AUTORIZACIÓN ACOMETIDA AUGA E SANEAMENTO |
| INTERESADO: | ESPINA & DELFIN SL B15026693 |
| PRESENTADOR: | Rocio Pérez González (****563**) |
| ABONADO: | Fontela 2000 SL (B15557515) |
| SITUACIÓN: | **Colantres** |
| REF CAT: | 7207704NH6970N0001FX |
| DOCUMENTACIÓN: | Solicitude de servizo. Uso doméstico |

ANTECEDENTES:

1º/ Con RE-999_1137 (25/09/2026) Rocio Pérez González (****563**) en representación da empresa ESPINA & DELFIN SL B15026693 (concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento) achega a seguinte documentación:

- Instancia xeral solicitando aprobación da solicitude conforme ao artigo 22 do Regulamento de Augas de Coirós
- Acreditación de representación.
- Solicitude de servizo.

2º/ Con RE-999_1232 (21/19/2026) Rocio Pérez González (****563**) en representación da empresa ESPINA & DELFIN SL B15026693 (concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento) achega ao expediente_

- Orzamento

DATOS:

| | |
|---|---|
| DATOS DO ABONADO | Fontela 2000 SL (B15557515) |
| REF. CATASTRAL | 7207704NH6970N0001FX |
| SERVIZOS SOLICITADOS | - Acometida abastecemento<br>- Contrato/ alta abastecemento<br>- Acometida saneamento<br>- Contrato/ alta saneamento |
| DOC. APORTADA<br>art 7/22 | - DNI representante<br>- Escritura aceptacion e adxudicacion parcial herencia compraventa e declaracion obra nova.<br>- Identificacion fiscal empresa<br>- Croquis redes existentes e acometidas<br>- Orzamento |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: YSwOT6b6jpKwRPgBRAK9 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14

**CONCELLO DE COIRÓS**

| | |
|---|---|
| | - Notificación concesión de licenza<br>- Solicitude primeira ocupación |
| TARIFA PROPOSTA | Uso doméstico |
| DESCRICIÓN DAS OBRAS | Rede existente abastecemento: PEØ40<br>Rede existente saneamento: formigón Ø300 |
| | Acometida abastecemento e acometida de saneamento |
| | Extensión: 18ml |
| ORZAMENTO: | Extension: 955,82€<br>Taxas acometida: 918,67€ + 532,32€ |
| PLANO REDES | Croquis |
| INMOBLE | Licenza vivenda de XGL 10/06/2022 |
| SECTORIAIS | - |

INTEGRIDADE DOCUMENTAL:

A documentación achegada considerase completa.

LEXISLACIÓN E NORMATIVA APLICABLE:

1- Plan Xeral de Ordenación Municipal de o concello de Coirós, aprobado definitivamente o 19 de setembro de 2002, publicada a aprobación no DOG o 07/10/2002 e no BOP xunto coa normativa o 15/10/2002. (PXOM)

2- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia. (LSG)

3- Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro.

4- Plan Básico Autonómico de Galicia aprobado por Decreto 83/2018 de 26 de xullo.

5- Lexislación sectorial de aplicación

6- Regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga e saneamento. (BOP 43 21/02/2008 modificado BOP 210 de 05/11/2012)

7- Ordenanza reguladora da taxa polo servizo de rede de saneamento e depuración de augas residuais (BOP 43 21/02/2008)

8- Ordenanza reguladora da taxa polo servizo de rede de saneamento e Deputación

CLASIFICACIÓN/ CUALIFICACIÓN DO SOLO E NORMATIVA APLICABLE:

O ámbito obxecto do presente informe atópase en terreos clasificados no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Coirós como SOLO DE NÚCLEO RURAL.

Disposición transitoria primeira da LSA- *Réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado ou sen planeamento* establece no apartado 2.c) *Ao solo incluído no ámbito dos núcleos rurais ou nas delimitacións de solo non urbanizable de núcleo rural, nas súas áreas de influencia ou tolerancia, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: YSwOT6b6jpKwRPgBRAK9 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14

## CONCELLO DE COIRÓS

As obras previstas para a acometida de abastecemento e saneamento conectan na rede que discorre segundo a documentación achegada por viario público.

O artigo 162 do PXOM de Coirós establece que o réxime urbanístico do sistema xeral de infraestruturas básicas e servizos será o previsto na lexislación sectorial correspondente.

DOMINIO PÚBLICO:

Coas obras pretendidas é necesario realizar obras no viario de titularidade municipal. As obras serán realizadas pola empresa concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento municipal, servizo que segue a ostentar a condición de servizo público municipal.

TRAMITACIÓN E REGULACIÓN:

O artigo 2 do Regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga e saneamento establece que a concesionaria tramitará a executará as acometidas de subministros de auga e saneamento.

O artigo 22 establece que toda persoa que desexe acometida de abastecemento de auga potable e/ou acometida de vertido de augas residuais, fará unha solicitude ao servizo municipal de augas o cal realizará un informe das condicións necesarias para a conexión que entregará no concello para que proceda ao seu estudo e aprobación se o consideran oportuno.

A aprobación por parte do concello será trámite indispensable para proceder á conexión á rede municipal, así como un orzamento, segundo a tarifa vixente, do custo de ditas acometidas, que satisfará o solicitante antes de dar comezo ás obras.

Artigo 34 Regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga e saneamento

Os abonados ao servizo de augas deberán obrigatoriamente conectarse á rede de saneamento cando as súas vivendas ou instalacións se atopen a menos de 100 metros da rede pública, que quedarán obrigatoriamente fora de servizo todas aquelas fosas sépticas que se atopen a esa distancia da rede pública de saneamento.

LEXISLACIÓN SECTORIAL:

Segundo os datos obrantes no Plan Básico Autonómico a parcela conta coas seguintes afeccións sectoriais:

CONCENTRACIÓN PARCELARIA:

A parcela foi obxecto dun proceso de concentración parcelaria. Clasificada polo PXOM como solo de núcleo rural polo que non precisa de informe.

**CONCLUSIÓN:**

Non se ve inconveniente na realización da acometida de abastecemento e saneamento ao abonado Fontela 2000 SL (B15557515) na vivenda con licenza de legalización e remate concedida por XGL de data 10/06/2022 na parcela con referencia catastral 7207704NH6970N0001FX no lugar de Colantres.

Para que conste aos efectos oportunos en Coirós o 21 de outubro de 2026

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: YSWOT6b6jpKwRPgBRAK9 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14

**CONCELLO DE COIRÓS**

A arquitecta municipal.

Iria Pérez Miranda.”

Visto o disposto nos artigos 142.3 e 146 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia, así como o Decreto 143/2016 de 22 de setembro polo que se aproba o seu regulamento.

Vista a delegación de competencias feita pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local, mediante Decreto núm. 75/2026 ditada o 13/04/2026 (BOP nº 75 do 23/04/2026), pola presente elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

Primeiro.- Autorizar a acometida de abastecemento de auga e saneamento para uso doméstico solicitada por Fontela 2000 SL (B15557515) na vivenda con licenza de legalización e remate concedida por XGL de data 10/06/2022 na parcela con referencia catastral 7207704NH6970N0001FX no lugar de Colantres.

Segundo.- Notificar o presente acordo á parte interesada, con expresión dos recursos que pode interpoñer contra o mesmo, así como o lugar e o prazo para interpoñelos.

En Coirós, a 21 de outubro de 2026.
O alcalde

Francisco Quintela Requeijo”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

**3º. Licenzas urbanísticas e títulos habilitantes**

**3.1. COMUNICACIÓN PREVIA DE DESMONTAXE DE GRUA E REPARACIÓNS EN CUBERTA E FACHADA . EXPDT.:2026/U026/000035**

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 20 de outubro de 2026, que se transcribe literalmente:

**“PROPOSTA DE ACORDO**

**Asunto: COMUNICACIÓN PREVIA DE DESMONTAXE DE GRUA E REPARACIÓNS EN CUBERTA E FACHADA .EXPDT.:2026/U026/000035**

Visto o informe técnico emitido pola arquitecta municipal Iria Pérez Miranda en data 9.10.2026, que literalmente di: “ INFORME TÉCNICO

**EXP:2026/U026/000035**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: YSwOT6b6jpKwRPgBRAK9 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14

**CONCELLO DE COIRÓS**

| | |
|---|---|
| DATA: | RE-999_537 (29/05/2026) – RE-999_1044 (09/09/2026) – RE-999_1183 (06/10/2026) |
| ASUNTO: | COMUNICACIÓN PREVIA DE DESMONTAXE DE GRUA E REPARACIÓNS EN CUBERTA E FACHADA |
| SOLICITANTE: | CEMENTOS ESPECIALES DE LAS ISLAS SA (A33013202) |
| PRESENTADOR: | Jose Javier Logroño Lagunas (****28***) |
| NOTIFICACIÓN: | telemática presentador |
| SITUACIÓN: | Parque Empresarial Pedrapartida 1A-1B |
| REF.CATASTRAL: | 0076804NH7807N0001XT |
| P.E.M.: | 115.251€ (orzamernto achegado 130.251€ con 15.000€ de redacción proxecto) |
| TAXA: | 10€ (09/09/2026) |
| ICIO (3,5%): | 4.033,79€ (09/09/2026) |

Iria Pérez Miranda, arquitecta municipal don concello de Coiros, tendo en conta a documentación obrante no Concello de Coirós e os antecedentes en relación ao citado expediente

Emite o seguinte **informe:**

ANTECEDENTES:

1º/ Con rexistro de entrada RE-999_537 (29/05/2026) Jose Javier Logroño Lagunas (****28***) en representación de CEMENTOS ESPECIALES DE LAS ISLAS SA (A33013202) aachega comunicación previa de obras achegando a seguinte documentación:

- Proxecto de desmontaxe de grua torre siniestrada así como restitución de peches afectados en planta de molienda inerte redactado por Ricardo García Garrido, enxeñeiro técnico industrial colexiado 1283.

2º/ Con data 20/08/2026 a técnico que subscribe emite informe requirindo unha serie de aclaracións e/ou subsanacións:

3º/ Con rexistro de entrada RE-999_1044 (09/09/2026) Jose Javier Logroño Lagunas (****28***) en representación de CEMENTOS ESPECIALES DE LAS ISLAS SA (A33013202) achega ao expediente a seguinte documentación:

- Instancia de achega de documentación complementaria
- Autoliquidación de taxa e ICIO
- Xustificante de pago bancario de taxa e ICIO
- Solicitude electrónica xenérica con con rexistro de entrada na xunta de Galicia de data 23/04/2026 (2026/1187925) no que se indica que en contestación ao escrito N/Ref: SAI AE 2026/5 , expón:

*"Se adjunta documentación en contestación a su escrito N/Ref: SAI AE 2026/5 y al expediente 2008/000587-1 (procedimiento 608B) en el que solicitamos formalmente dar de baja una grúa torre, adjuntando para ello la documentación pertinente"*

- Certificación rexistral
- Escritura de outorgamento de poderes

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: YSWOT6bGjpKwRPgBRAK9 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14

**CONCELLO DE COIRÓS**

4º/ Con rexistro de entrada RE-999_1044 (09/09/2026) Jose Javier Logroño Lagunas (****28***) en representación de CEMENTOS ESPECIALES DE LAS ISLAS SA (A33013202) achega ao expediente a seguinte documentación:

- Certificado catastral telemático no que se certifica que o CIF A33013202 ten o 100% de propiedade dos inmobles urbanos: 0076803NH7807N0001DT e 0076804NH7807N0001XT.

OBXECTO:

Segundo o proxecto técnico achegado as obras consisten na desmontaxe de grúa torre siniestrada na instalación de molienda de cemento situado na no Parque Empresarial de Coirós e reparación dos danos producidos en zonas de cuberta e fachada.

INTEGRIDADE DOCUMENTAL:

A documentación achegada considérase suficiente.

LEXISLACIÓN E NORMATIVA APLICABLE:

1- Plan Xeral de Ordenación Municipal de o concello de Coirós, aprobado definitivamente o 19 de setembro de 2002, publicada a aprobación no DOG o 07/10/2002 e no BOP xunto coa normativa o 15/10/2002. (PXOM) coas súas modificacións.

2- Plan Parcial de ordenación parque empresarial. Aprobado definitivamente o 1 de marzo de 2003 (DOG 13/03/2003 BOP 12/03/2023) coas súas modificacións.

3- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia. (LSG)

4- Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro.

5- Plan Básico Autonómico de Galicia aprobado por Decreto 83/2018 de 26 de xullo.

6- Lexislación sectorial de aplicación

CLASIFICACIÓN/ CUALIFICACIÓN DO SOLO. NORMATIVA APLICABLE. RÉXIME URBANÍSTICO DE APLICACIÓN.

1- Os terreos indicados sitúanse dentro do Sector de solo urbanizable desenvolvido polo Plan Parcial do Parque Empresarial de Pedrapartida aprobado o 1 de marzo de 2003.

O Pleno da corporación o 11 de maio de 2017 aprobou definitivamente a modificación puntual nº1 do Plan Parcial do parque empresarial de Pedrapartida.

A Disposición Transitoria primeira da LSG no punto 2.b establece que ao solo urbanizable con planeamento de desenvolvemento aprobado definitivamente antes da entrada en vigor da Lei aplicaráselle íntegramente o disposto no planeamento respectivo.

Os terreos obxecto do presente informe respostan ao réxime urbanístico do SOLO URBANO CONSOLIDADO, estando situados en viario público e dando subministro a parcela coa calificación de Edificación Industrial e Comercial recollida no Plan Parcial do Parque Empresarial de Pedrapartida.

2.- O PXOM establece no seu artigo:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: YSWOT6bGjpKwRPgBRAK9 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14

**CONCELLO DE COIRÓS**

- Artº 165º.Réxime do solo.

6. Condicións estéticas... os materiais de acabado deben ser compatibles co medio rural circundante (prohíbese o emprego de fibrocemento cor gris nas cubertas).

3.- A LSG establece nos seus artigos:

- Art 135º.Deberes de uso, conservación e rehabilitación.

1. Os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán:

c) Conservalos nas condicións legais para servir de soporte aos ditos usos e, en todo caso, nas de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles.

- Art 91º. Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe.

As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estean situadas, e para tal efecto:

e) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

4..- As obras comunicadas considéranse de conservación e mantemento do uso existente sendo un deber do propietario.

LEXISLACIÓN SECTORIAL

Achegase xustificante de presentación ante a Consellería de Industria.

CONCLUSIÓNS

De acordo coa comunicación previa e documentación presentada polo interesado, salvo dereito de propiedade e ser perxuizo de terceiros, e tendo en conta todo o anterior, establécense as seguintes conclusións:

De acordo coa comunicación previa e documentación presentada polo interesado, salvo dereito de propiedade e ser perxuizo de terceiros, e tendo en conta todo o anterior, establécense as seguintes conclusións:

**1.-** Segundo a documentación presentada, as obras descritas están sometidas ó réxime de comunicación previa, de acordo co artigo 142º da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

**2.-** O Concello de Coirós acusa recibo da execución de obras en réxime de comunicación previa.

**3.-** O interesado declara, baixo a súa responsabilidade:

- Que son certos cantos datos e manifestacións foron expostos na comunicación e documentación que se anexa

- Que as actuacións que se detallan cumpren coa normativa urbanística e sectorial de aplicación no Concello e que serán executadas de acordo coas condicións xerais e específicas establecidas.

- Que se obtiveron todas as autorizacións e/ou informes sectoriais preceptivos necesarios para o inicio da obra, así como concesións administrativas ou autorizacións correspondentes cando o acto pretendido supoña a ocupación ou utilización do dominio público do que sexa titular outra administración pública.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: YSwOT6b6jpKwRPgBRAK9 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14

**CONCELLO DE COIRÓS**

- Que as obras e os materiais que se empreguen harmonizarán co conxunto do entorno.
- Que a edificación non está suxeita a ningún tipo de catalogación nin protección histórico-artístico, nin afecta a dominio público.
- Que non se van realizar obras suxeitas ao deber de obtención de licenza.

**4.-** Neste trámite compróbase que a documentación está completa, é veraz e acomoda inicialmente á legalidade. O procedemento finaliza coa inspección das obras.

**5.-** A inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial de calquera dato, manifestación ou documento que se incorpora á comunicación previa comporta, tras a audiencia ao interesado, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada, sen perxuizo da incoación do expediente de reposición da legalidade e/ou sancionador que proceda.

**6.-** As obras non poderán iniciarse ata o transcurso de 15 días hábiles contados dende a presentación da comunicación coa documentación completa e deberá finalizarse no prazo fixado na documentación ou no seu defecto nun prazo máximo seis meses.

**7.-** DISPOSICIÓNS EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE: Na execución dos traballos o construtor terá que cumprir as condicións establecidas no artigo 11º do "Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as condicións mínimas se seguridade e saúde nas obras de construción así como de xestión de residuos da construción.

**8.-** RESIDUOS: Deberase cumprir o establecido no D. 105/2008 polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición así como a Lei 6/2021 de residuos e solos contaminados de Galicia.

CONSIDERACIÓNS PARTICULARES:

**9.-** Realizaranse as tramitacións necesarias para a baixa da grúa ante a Consellería de Industria.

E para que conste aos efectos oportunos, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros expide o presente en Coirós a 9 de outubro de 2026

A arquitecta municipal:

Iria Pérez Miranda. "

Visto o disposto nos artigos 142.3 e 146 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia, así como o Decreto 143/2016 de 22 de setembro polo que se aproba o seu regulamento.

Vista a delegación de competencias feita pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local, mediante Decreto núm. 75/2026 ditada o 13/04/2026, pola presente elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

Primeiro.- Declarar completa a documentación presentada, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do concello.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: YSwOT6b6jpKwRPgBRAK9 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14

**CONCELLO DE COIRÓS**

Segundo.- A obra realizarase tendo en conta as condicións establecidas no informe técnico municipal que se transcribe .

Terceiro.- Aprobar a seguinte liquidación tributaria de carácter provisional da taxa por expedición de documentos administrativos e do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

- Ordenanza reguladora da taxa por expedición de licenzas urbanísticas (BOP nº 11 do 16.01.2013):
- 1.2.- Servizos urbanísticos:
- 1.2.1.- Tramitación de expedientes de licenzas:
- De obra menor: 10 euros.
-
- Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (BOP n.º 30 do 12.02.2018). Tipo de gravame: 3,5%
  Orzamento de execución material:115.251€ €.
  Importe:4.033,79€ €

  **TOTAL: 4043,79 €**

Cuarto.- Notificar o presente acordo á parte interesada, con expresión dos recursos que pode interpoñer contra o mesmo, así como o lugar e o prazo para interpoñelos.

En Coirós, na data da sinatura dixital.
O alcalde,

Francisco Quintela Requeijo”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

**3.2. SOLICITUDE DE LICENZA DE REHABILITACIÓN DE VIVIENDA UNIFAMILIAR. EXPTE: 2026/U022/0000013**

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 21 de outubro de 2026, que se transcribe literalmente:

“**PROPOSTA DE ACORDO**
**Asunto:SOLICITUDE DE LICENZA DE REHABILITACIÓN DE VIVIENDA UNIFAMILIAR. EXPTE: 2026/U022/0000013**

Vista a solicitude de licenza de obra presentada con rexistro de entrada 202699900000287 o 15/04/2026, acompañada de proxecto básico redactado por Elena Sarmiento Díez e Adrián Martín Prieto col 3934 e 3677 COAG, para rehabilitación de vivenda unifamiliar illada na parcela 15027A013000810001YB sita en Figueiras.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: YSWOT6b6jpKwRPgBRAK9 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14

**CONCELLO DE COIRÓS**

Visto o informe técnico emitido pola arquitecta municipal Iria Pérez Miranda en data 14.10.2026, que literalmente di:

"INFORME TÉCNICO **EXPTE: EXP:2026_U022**INFORME TÉCNICO

**EXP:2026_U022_0000013**

| | |
|---|---|
| DATA: | RE-999_287 (15/04/2026) – RE-298 (07/05/2026) – RE-303 (12/05/2026) – RE-999_1042 (08/09/2026 |
| ASUNTO: | SOLICITUDE DE LICENZA DE REHABILITACIÓN DE VIVIENDA UNIFAMILIAR. |
| SOLICITANTE: | Samuel Raña Carrillo (****13***) e Tamara Carlon Tome (****14***) |
| PRESENTADOR: | Samuel Raña Carrillo (****13***) |
| NOTIFICACIÓN: | TELEMÁTICA presentador |
| SITUACIÓN: | Figueiras |
| REF. CATASTRAL: | 15027A013000810001YB |
| DOCUMENTACIÓN: | **Proxecto básico subsanado.** |
| ORZAMENTO: | PEM: 105.361,56€ |
| SUPERFICIES: | SUP. PARCELA: 4.833m² |
| SUP. CONSTRUIDA: | EST ACTUAL: 225,17m² + 89,30m²<br>REFORMADO: 225,63m² + 112,13m² |
| SUP. OCUPADA: | EST ACTUAL: 234,35m²<br>REFORMADO: 237,35m² |
| VOLUME: | EST ACTUAL: 926,35m³<br>REFORMADO: 952,29m³ (amplía 62,74m³) |
| ALTURA: | ALTURA: PB +1: REFORMADO: 6,05m |
| TÉCNICOS: | REDACTOR: Elena Sarmiento Díez e Adrián Martín Prieto col 3934 e 3677 COAG<br>DIRECTOR OBRA: -<br>DIRECTOR EXECUCIÓN: -<br>COORD. SEG. E SAÚDE:- |
| SERVIZOS: | rede de abastecemento e saneamento no viario ao que da fronte |
| SUP. CESIÓN: | - |
| TAXA: | 50€ (12/05/2026) |
| ICIO (3,5%) | 3.687,65€ (12/05/2026) |

Iria Pérez Miranda, arquitecta superior colexiada número 3194 do COAG, tendo en conta a documentación obrante no Concello de Coirós e os antecedentes en relación ao citado expediente consistente en:

1º/ Con RE-999_287 (15/04/2026) Samuel Raña Carrillo (****13***) achega solicitude de licenza de edificación achegando a seguinte documentación:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: YSWOT6b6jpKwRPgBRAK9 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14

**CONCELLO DE COIRÓS**

- Enlace a proxecto básico (que se descarga e sube ao expediente o 23/06/2026)
- Folla de estatística
- Orzamento detallado

2º/ Con RE-298 (07/05/2026) Samuel Raña Carrillo (****13***) achega ao expediente a seguinte documentación:
- Certificado de colexiación dos arquitectos redactores
- Copia DNI dos interesados
- Escrito solicitando figurar ambos interesados como titulares da licencia
- Copia escritura

3º/ Con RE-303 (12/05/2026) Samuel Raña Carrillo (****13***) achega ao expediente a seguinte documentación:
- Autoliquidación e xustificante de pago de taxa e ICIO

4º/ O 19 de agosto de 2026 a técnicoque susbcribe emite informe requerindo unha serie de aclaracións/subsanacións

5/ Con Re-999_1042 o 08/09/2026 Samuel Raña Carrillo achega a ao expediente a seguinte documentación:
- Escrito asinado pola totalidade dos copropietarios do inmoble indicando que os promotores do proxecto de rehabilitación son Samuel Raña Carrillo (****13***) e Tamara Carlon Tome (****14***)
- Enlace a proxecto básico subsanado (que se descarga e sube ao expediente o 14/10/2026)
- Escrito indicando as subsanacións realizadas

Emite o seguinte **INFORME**:

**1. OBXECTO:**

Segundo proxecto técnico que acompaña a solicitude, refírese á rehabilitación integral dunha das vivendas tradicionais existentes na parcela con referencia catastral 15027A013000810001YB con ampliación de volume.

Estase a rehabilitar unha das vivendas e almacéns anexos existentes no inmoble, non actuando sobre o resto das edificacións. Mantendo os actuais muros de mamposteria e os accesos á parcela.

**2. INTEGRIDADE DOCUMENTAL:**

A documentación achegada considérase suficiente.

Antes do inicio das obras deberá achegar proxecto de execución e nomeamento da dirección facultativa.

**3. DATOS:**

Titularidade:

Segundo a escritura achegada (e datos catastrais) o inmoble o inmoble é titularidade de:

| | |
|---|---|
| 33,64% | Charlón Tomé, Tamara |
| 25% | Tomé Ortega, Begoña |
| 25% | Charlón Fernandez Gabriel |
| 16,36% | Raña Carrillo, Samuel |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: YSwOT6b6jpKwRPgBRAK9 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14

**CONCELLO DE COIRÓS**

Achegase escrito asinado pola totalidade dos titulares indicando que Raña Carrillo, Samuel e Charlón Tomé, Tamara son or promotores da rehabilitación de vivenda unifamiliar.

Superficie parcela:
- Segundo escritura: 4.833m²
- Segundo catastro: 4.833m²
- Segundo proxecto: 4.833m²

Construcións:
- Segundo escritura:

A escritura describe a existencia de dúas vivienda na parcela:
A denominada “casa nueva” de planta baixa e primeira cunha superficie construída de 124m² (PB:62m²+ P1 62m²)
A denominada “casa vieja” indicando que segundo datos catastrais conta cunha superficie construída de 196m² en planta baixa destinados a vivenda e almacén.
Na escritura descríbese a ampliación de obra nova da denominada casa vella, quedando a descrición cunha superficie total construída de 296m², cunha planta baixa de 207m² con 89m² destinados a vivenda e 90m² e 12m² destinados a almacén e 16m² destinados a porche e planta alta de 89m² destinados a vivenda.

- Segundo catastro:
- Segundo proxecto:

O proxecto identifica que na parcela existen tres edificacións: unha vivenda de dúas plantas de 89m² de planta; vivenda de dúas plantas de 62m² de ocupación e almacén en planta baixa de 90m².

A rehabilitación céntrase na denominada vivenda vella cunha ocupación de 221,02m² e volume actual 839,40m$^3$ e parte do almacén cunha rehabilitación integral para destino vivenda unifamiliar e garaxe procedendo a ampliación do volume edificado.

Superficie de cesión:
Os terreos están clasificados como solo rústico, contando parcialmente cun peche frontal tradicional que se mantén. Non é precisa cesión.

<u>SUPERFICIES EDIFICACIÓN SEGUNDO PROXECTO:</u>
A intervención realízase na denominada vivenda vella de planta baixa e primeira e nos almacéns situados ao seu carón coas seguintes superficies:

ESTADO ACTUAL

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: YSwOT6b6jpKwRPgBRAK9 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14

**CONCELLO DE COIRÓS**

| | | SUP ÚTIL (m²) | SUP CONSTRUIDA (m²) | VOLUME (m³) |
|---|---|---|---|---|
| PLANTA BAIXA | ALMACÉN | 67,90 | 85,67 | |
| | ANEXO | 9,76 | 15,86 | |
| | ANEXO 02 | 8,70 | 12,95 | |
| | PORCHE | 16,60 | 16,60 | |
| | VIVIENDA | 58,64 | 94,09 | |
| PLANTA ALTA | VIVIENDA | 58,34 | 89,30 | |
| | | 219,94 | 314,47 | 926,35 |

ESTADO REFORMADO

| | | SUP ÚTIL (m²) | SUP CONSTRUIDA (m²) | VOLUME (m³) |
|---|---|---|---|---|
| PLANTA BAIXA | ANEXO | 8,58 | 15,86 | |
| | ANEXO 02 | 8,70 | 12,95 | |
| | GARAXE | 35,67 | 46,30 | |
| | PORCHE | 20,80 | 21,34 | |
| | VIVIENDA | 83,07 | 129,18 | |
| PLANTA ALTA | VIVIENDA | 66,71 | 66,71 | |
| | | 223,53 | 292,34 | 952,29 |

SERVIZOS:

Existe rede de abastecemento e saneamento no viario ao que da fronte a parcela.

Deberase contactar coa empresa concesionaria das redes de abastecemento e saneamento municipal a fin de obter os entronques e as rasantes dos puntos de conexión. Deberá recollerse a conexión no proxecto de execución e contar con contrato con anterioridade á comunicación de primeira ocupación.

O proxecto achegará a solución as augas pluviais que poderán conectarse as canles de pluviais no caso de existir ou resolverse no interior do predio.

USO:

O proxecto recolle un programa de vivenda unifamiliar en planta baixa e primeira con garaxe.

PEM: 105.361,56€

**4. CLASIFICACIÓN DO SOLO/ CUALIFICACIÓN:**

4.1 LEXISLACIÓN URBANÍSTICA E NORMATIVA APLICABLE:

1- Plan Xeral de Ordenación Municipal de o concello de Coirós, aprobado definitivamente o 19 de setembro de 2002, publicada a aprobación no DOG o 07/10/2002 e no BOP xunto coa normativa o 15/10/2002. (PXOM)

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: YSWOT6b6jpKwRPgBRAK9 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14

**CONCELLO DE COIRÓS**

2- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia. (LSG).
3- Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro.
4- Plan Básico Autonómico. D. 83/2018, de 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia
5- Lexislación sectorial de aplicación.

4.2- RÉXIME URBANÍSTICO DE APLICACIÓN
Os terreos onde se pretende a edificación están clasificados no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Coirós como SOLO RÚSTICO APTO PARA URBANIZAR.
Disposición transitoria primeira da LSA- *Réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado ou sen planeamento* establece no apartado 2.b) *Ao solo urbanizable non delimitaco, apto para urbanizar ou rústico apto para o desenvolvemento urbanístico aplicaráselle o disposto na presente lei para o solo rústico.*

4.3- CUMPRIMENTO DOS PARÁMETROS URBANÍSTICOS (VIVENDA):
A solicitude de licenza acóllese ao disposto no artigo 40 da LSG que regula o réxime aplicable ás edificacións existentes de carácter tradicional, desenvolvido polo artigo 63 do RLSG:
*1. As edificacións tradicionais existentes en calquera categoría de solo de núcleo ou de solo rústico poderán ser destinadas a usos residenciais, terciarios ou produtivos, a actividades turísticas ou artesanais e a pequenos talleres e equipamentos (artigo 40 da LSG)*
A edificación (orixinariamente destinada a vivienda e almacens de carácter agrícola) destinase a usos residenciais.

*2. Logo da obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística, e sen necesidade de cumprir os parámetros urbanísticos aplicables, agás o límite de altura, permitirase a súa rehabilitación e reconstrución e, por razóns xustificadas, a súa ampliación mesmo en volume independente, sen superar o 50 % do volume orixinario da edificación tradicional (artigo 40).*
Proponse a súa rehabilitación integral con ampliación de volume.
Segundo a documentación achegada o volume ampliado é de 62,74m$^3$, o que supón un 6,77% dos 926,35m$^3$ orixinais, polo tanto cumpre o establecido no artigo 40 LSG
A altura da zona ampliada ten unha altura de 6,05m (<7m)

*3. De conformidade co previsto nos artigos 36.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e 51.2 deste regulamento, no solo rústico de especial protección será preciso obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente.*
O Plan Básico Autonómico actualizado por resolución do 01/06/2026 (DOG 17/06/2026) non recolle ningunha afección sectorial que implique a obtención de informe.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: YSwOT6b6jpKwRPgBRAK9 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14

**CONCELLO DE COIRÓS**

*4. En calquera caso, deberanse manter as características esenciais do edificio, do lugar e da súa tipoloxía orixinaria (artigo 40).*

As obras pretendidas son as de rehabilitación da edificación existente cunha ampliación en planta alta.

Xustificase a eliminación do forno por tratarse dunha configuración diferenciada do volume principal, no que "non identifican valor arquitectónico ou patrimonial específico que faga necesaria a súa conservación"

*5. Para os efectos do previsto neste artigo, consideraranse edificacións tradicionais aquelas existentes con anterioridade á entrada en vigor da Lei 19/1975, do 2 de maio, de reforma da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana (artigo 40 da LSG).*

*6. Por edificación existente enténdese aquela que estivese rematada na data indicada, e poderá achegarse, para acreditar tal aspecto, calquera medio de proba admisible en dereito. Así mesmo, a construción deberá presentar un grao de conservación tal que permita apreciar as súas características esenciais.*

A totalidade das construcións existentes na parcela xa se aprecian na fotografía dos anos 55-56 (voo americano) estando datada en catastro do ano 1944 polo que se considera acreditada a súa antigüidade.

ADAPTACIÓN AO AMBIENTE E CONDICIÓNS ESTÉTICAS:

Establecidos no artigo 165.6-*Condicións estéticas* de solo de núcleo rural do PXOM e 91- A*daptación ao ambiente e protección da paisaxe* da LSG:

<table>
<tr><td colspan="3">CONDICIÓNS ESTÉTICAS</td></tr>
<tr><td>PXOM:</td><td colspan="2">PROXECTO</td></tr>
<tr><td colspan="3">Os tipos de construcións deberán ser adecuados ás súas condicións de edificacións propias do medio rural, para o que danse as seguinte limitacións:</td></tr>
<tr><td>Manter a escala. Sup. en planta <250m²</td><td colspan="2">CUMPRE</td></tr>
<tr><td>Características tipolóxicas. Prohibidas as bufardas, cubertas con crebas e outras características de edificacións urbanas</td><td colspan="2">CUMPRE</td></tr>
<tr><td rowspan="3">Materiais. Compatibles co medio rural. Prohíbese:</td><td>Fachada: bloques de formigón sen revestir, tixolo cara vista, plaqueta cerámica,...</td><td>CUMPRE</td></tr>
<tr><td>Cuberta: Fibrocemento cor gris, pranchas metálicas,..</td><td>CUMPRE</td></tr>
<tr><td>Peches de parcela: altura máxima 1,5m e criterios de acabado de fachada</td><td>-</td></tr>
<tr><td>LSG. Adaptación ao ambiente e a protección da paisaxe, (art 91)</td><td colspan="2">PROXECTO</td></tr>
<tr><td>As construcións e instalacións deberán adaptarse ó ambiente no que estean situadas, e para tal efecto:</td><td colspan="2" rowspan="2">O proxecto xustifica no apartado 1.2 o artigo 91 da LSG e indica:<br><br>"a) Las edificaciones sobre las que se interviene tienen carácter histórico o tradicional, de modo que toda la actuación de la rehabilitación se hará de forma respetuosa con el estado original. En</td></tr>
<tr><td>a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de</td></tr>
</table>

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: YSWOT6b6jpKwRPgBRAK9 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14

**CONCELLO DE COIRÓS**

| | |
|---|---|
| carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el. | este sentido, se eliminan únicamente elementos añadidos que carecen de valor patrimonial, como es el caso del horno exterior adosado a la fachada. |
| b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións , muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto. | b) Los cierres de la parcela se mantienen en su estado original, procediendo únicamente a su limpieza y labores de mantenimiento en caso de ser necesario. El proyecto mantiene los muros de mampostería y su altura original. La altura de la edificación se ajusta al topete de piedra existente; tanto los muros existentes como los de nueva ejecución rematan en él. Sobre el topete únicamente se ejecuta la estructura y los acabados de cubierta correspondientes para asegurar el confort térmico de la vivienda. |
| c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe. | c) Se mantienen los muros existentes de mampostería en los cerramientos exteriores. El muro de fábrica de bloque existente se remata en el exterior con SATE y mortero acrílico decorativo en color blanco. El nuevo cerramiento del volumen de ampliación se rematará de igual forma, aunque sobre muros de CLT. Por su parte, los nuevos cerramientos del garaje se rematarán con listones de madera Lunawood, quedando completamente integrados en el entorno. Todas las cubiertas serán inclinadas rematadas con teja cerámica curva de color marrón, manteniendo la estética original. Los canalones, bajantes y pequeñas chimeneas de ventilación para los cuartos húmedos serán metálicas de diseño sencillo y con acabado mate. Las carpinterías tendrán acabado de imitación de madera. Se garantiza que la vivienda se realizará completa quedando todos los paramentos y cubiertas terminados, quedando prohibida la utilización de cualquier cartel publicitario o elemento colorido que perturbe los condicionantes estéticos tradicionales del lugar. |
| d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados | d) Tanto los promotores como los redactores del presente proyecto se comprometen a presentar todos los paramentos exteriores y cubiertas totalmente terminados. |
| e) Queda prohibida a publicidade estática polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpran as anteriores prescricións | e) Los promotores del presente proyecto se comprometen a no utilizar publicidad estática. |
| f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes. | f) La presente edificación no se encuentra en áreas amenazadas por graves riesgos naturales o tecnológicos. |

ALIÑACIÓNS E CESIÓN DE VIARIO:

Os terreos están clasificados como solo rústico, contando parcialmente cun peche frontal tradicional que se mantén. Non é precisa cesión.

SERVIZOS:

Existe rede de abastecemento e saneamento no viario ao que da fronte a parcela.

Deberase contactar coa empresa concesionaria das redes de abastecemento e saneamento municipal a fin de obter os entronques e as rasantes dos puntos de conexión. Deberá recollerse a conexión no proxecto de execución e contar con contrato con anterioridade á comunicación de primeira ocupación.

O proxecto achegará a solución as augas pluviais que poderán conectarse as canles de pluviais no caso de existir ou resolverse no interior do predio.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: YSWOT6b6jpKwRPgBRAK9 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14

## CONCELLO DE COIRÓS

**5. SEGURIDADE:**

5.1. SEGURIDADE ESTRUTURAL:

O proxecto achegado é Básico, co proxecto de execución achegaranse a memoria e os planos de estrutura, así como a correspondente xustificación do CTE DB SE.

5.2. PROTECCIÓN CONTRA O LUME:

O proxecto achega  apartado de cumprimento do CTE DB SI. A vivenda é un único sector de incendios cun local de risco especial baixo: garaxe

A porta identificada como Ce12 é delimitadora entre o local de risco especial e a vivenda, indica na memoria de carpinterías que cumpre EI2 45-C5.

O proxecto xustifica a reacción ao lume dos elementos, propagación exterior (EI 120), evacuación de habitantes, instalación de protección (un extintor en vivenda e un en garaxe),  intervención bombeiros, xustifica a resistencia ao lume da estrutura R30.

5.3. SEGURIDADE DE UTILIZACIÓN:

O proxecto achega  apartado de cumprimento do CTE DB SUA.

O proxecto de execución recollerá as características construtivas da barreira de protección (escaleiras e fiestras) condicións dos vidros con impacto con elementos fráxiles.

5.4. PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

O proxecto achegado é Básico aínda sí achega Estudio básico de Seguridade e saúde (apartado 4.7)

**6. HABITABILIDADE:**

O proxecto incorpora no apartado 4.3 a xustificación das normas de habitabilidade de Galicia.

Mantéñese a posición dos forxados manténdose as alturas existentes (>2,1m).

solicitase a excepcionalidade de superficie da iluminación do dormitorio 1 dado que a rehabilitación mantén os ocos existentes.

**7. AFORRO DE ENERXÍA:**

O proxecto achegado é Básico, co proxecto de execución achegarase xustificación do cumprimento do DB HE  do CTE.

**8. SALUBRIDADE:**

O proxecto achegado é Básico, co proxecto de execución achegarase o anexo xustificativo do cumprimento do CTE DB HS.

**9. RUIDO:**

O proxecto achegado é Básico, co proxecto de execución achegarase o anexo xustificativo do cumprimento do CTE DB HR.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: YSwOT6bGjpKwRPgBRAK9 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

*-Acreditar que el personal que impartirá las actividades reúne los requisitos exigidos en el pliego de prescripciones técnicas.*

*-Declaración responsable de no estar incursa la empresa en prohibiciones para contratar."*

Contestado ó requirimento de documentación na data do 13/10/2026, reúnese de novo a mesa para a valoración da mesma na data do 14/10/2026, resultando o seguinte:

*"(...)* ***2.- Apertura de Requerimiento de documentación: 2026/C004/000005 - Actividades de conciliación, sociais, deportivas e culturais do Concello de Coirós 2026-2027***

*Tras la revisión de la documentación aportada por los licitadores la mesa concluye lo siguiente: dar por completa la documentación presentada por la empresa ESPROADE, S.L y trastadarselo al órgano de contratación para que éste pueda proceder a realizar la adjudicación del contrato para los lotes siguientes:*

*Admitir a los siguientes licitadores:*
*NIF: B15664816 ESPROADE, S.L. .*
*Lote 3. Actividades deportivas de conciliación,*
*Lote 5. Actividades de exercicio, benestar e dinamización social."*

Consta informe de fiscalización previa da fase D,en sentido favorable, emitido pola Intervención municipal, en data 15/10/2026.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: YSwOT6b6jpKwRPgBRAK9 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14

**CONCELLO DE COIRÓS**

Vista a delegación de competencias efectuada pola alcaldía na Xuta de Goberno Local no referente en materia de contratación (apartado 3º) mediante Decreto núm. 75/2026 do 13 de abril de 2026 (BOP nº 75 do 23/04/2026) o órgano competente para acordar a adxudicación do mencionado contrato é a Xunta de Goberno Local.

Vista a urxencia de iniciar canto antes o contrato, pois a prestación do servizo iníciase na data do 15/10/2026.

Porén, a Xunta de Goberno Local non celebra sesión ordinaria nos vindeiros días, motivo polo cal procede avogar a competencia por parte da Alcaldía a fin de realizar cantos trámites sexan necesarios relacionados co contrato mencionado.

De conformidade coas atribucións conferidas a esta Alcaldía pola lexislación vixente (artigo 21 Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa), **RESOLVO**:

**Primeiro**.- Avogar as competencias en materia de contratación delegadas na Xunta de Goberno Local para ese caso concreto, en virtude do disposto no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

**Segundo**.-Adxudicar o contrato Lote 3-Actividades deportivas de conciliación á empresa ESPROADE SL, con NIF: B15664816, (*64* puntos) segundo a oferta presentada:

| OBXECTO | PREZO (SEN IVE) | PREZO TOTAL |
|---|---|---|
| Lote 3. Actividades deportivas para menores | 4.171,52 € | 4.588,67 € |

- Melloras (indicaranse as melloras ofertadas segundo o disposto na cláusula décimo sexta do prego prescricións técnicas):

Non se presenta ningunha mellora

**Terceiro.-** Adxudicar o contrato Lote 5- Actividades de exercicio, benestar e dinamización social.á empresa ESPROADE SL, con NIF: B15664816, (*99* puntos) segundo a oferta presentada:

| OBXECTO | PREZO (SEN IVE) | PREZO TOTAL |
|---|---|---|
| Lote 5. Actividades de exercicio, benestar e dinamización social | 3.732,00 € | 4.105,20 € |

- Melloras (indicaranse as melloras ofertadas segundo o disposto na cláusula décimo sexta do prego de prescricións técnicas):

Compromiso de participación do persoal monitor especializado adscrito ao contrato, promovendo a participación do grupo de persoas usuarias, nunha **marcha popular** que organice o Concello de Coirós, relacionados coa promoción da actividade física, o benestar e a dinamización social, e que sexan distintos das actividades ordinarias previstas no PPT. (35 puntos)

D te

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: YSWOT6b6jpKwRPgBRAK9 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14

**CONCELLO DE COIRÓS**

**Cuarto**.- Dispoñer o gasto por importe de 8.693.87 €, con cargo á aplicación 341.22799 do vixente orzamento de gastos, de conformidade co disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

**Quinto**.- Notificar a adxudicación aos licitadores que resultaron adxudicatarios e publicar a presente resolución no perfil do contratante do Concello de Coirós e na Plataforma de contratación do sector público.

**Sexto**.- A formalización do contrato efectuarase en documento administrativo será a través de medios electrónicos e efectuarase non máis tarde dos quince días hábiles desde que se realice a notificación ás persoas licitadoras.

**Sétimo**.- Nomear responsable do contrato Lote 3 e do contrato Lote 5, a Paula Boado Presas, técnica do Servizo de Cultura e Xuventude do Concello.

**Oitavo**.-A adxudicataria obrígase a executar o mencionado contrato consonte ás condicións ofertadas, prego de prescricións técnicas e pregos de cláusulas administrativas comezando a prestación do servizo contratado o 15 de outubro de 2026 ata o 31 de maio de 2027, ámbolos dous incluídos. A empresa realizará os traballos de acordo co proxecto técnico presentado para a prestación do servizo

**Noveno**.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 346 da Lei de Contratos do Sector Público.

Asinado dixitalmente no Concello de Coirós na data que figura ao marxe desta resolución polo Sr. Alcalde Francisco Quintela Requeijo. Pola secretaria-interventora tómase razón para a súa constancia/transcrición ao libro de Resolucións da Alcaldía aos sós efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art. 3.2 do RD 128/2018).”

A Xunta de Goberno Local queda informada.

**5º. Subvencións**

**5.1. Dar conta da concesión da subvención para o CIM.**

No DOG nº 190 o martes 6 de outubro de 2026 publicouse a RESOLUCIÓN do 28 de setembro de 2026, da Dirección Xeral de Promoción da Igualdade, pola que se publica a Resolución do 25 de setembro de 2026 que pon fin ao procedemento de concesión das subvencións convocadas mediante a Orde do 3 de xuño de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para o apoio aos centros de información á muller (CIM), de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento SI427B).

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: YSwOT6b6jpKwRPgBRAK9 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14

**CONCELLO DE COIRÓS**

O Concello de Coirós resultou beneficiario dunha subvención por importe de 82.529,26 euros (53.080,02 euros no 2026 e 29.449,24 euros no 2027).

A Xunta de Goberno Local queda informada.

O alcalde introduce neste punto catro asuntos non comprendidos na orde do día por vía de urxencia: a concesión de unha axuda por nacemento, dúas subvencións nominativas para comisións de festas e unha emerxencia social, cuxos expedientes non estaban completos no momento da convocatoria.

Consonte ao disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a urxencia da súa inclusión na orde do día e pasan a tratarse estes asuntos.

**5.2. SOLICITUDE DE AXUDA A MULLER POR NACEMENTO OU ADOPCIÓN SOLICITADA POR RAQUEL SESAR GARCÍA. Nº Expediente 2026/A012/000030.**

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 22 de outubro de 2026, que se transcribe literalmente:

"**PROPOSTA DA ALCALDÍA**

**Asunto: SOLICITUDE DE AXUDA A MULLER POR NACEMENTO OU ADOPCIÓN SOLICITADA POR RAQUEL SESAR GARCÍA. Nº Expediente 2026/A012/000030.**

As bases para a concesión de axudas por nacemento foron aprobadas polo Pleno na sesión extraordinaria e urxente celebrada o 19/12/2025, xunto co orzamento do exercicio 2026, e publicadas no BOP nº 123 o xoves 2 de xullo do 2026.

Consta informe da Directora do Centro de Información ás Mulleres de Coirós, Raquel Montero González, de data 21/09/2026, que conclúe:

*"INFORME*
*Asunto: Solicitude de axuda por nacemento presentada por Raquel Sesar García Expete: 2026/A012/ 000030*
*Raquel Montero González, directora do Centro de Información á Muller de Coirós*
*INFORMO*
*Tendo en conta a solicitude con rexistro 202600000000644 presentada o pasado 30 de xullo de 2026 por Raquel Sesar García, con DNI***406**L e domicilio en Loureiros nº12, 15316 Coirós. Solicita a axuda por nacemento polo nacemento da súa primeira filla Daniela Vidal Sesar.*
*Revisada a documentación, dende o CIM informamos que cumpre os requisitos indicados nas bases das axudas por nacemento ( BOP Nº123 do 2 de xullo de 2026)*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: YSwOT6b6jpKwRPgBRAK9 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14

**CONCELLO DE COIRÓS**

*1. A solicitante empadroouse no Concello o 1 de maio de 1996 e a crianza naceu o 18 de xullo de 2026.*
*2. Daniela Vidal Sesar esta empadroada e rexistrada no Concello de Coirós dende o 18 de xullo de 2026.*
*3. Presentou a solicitude no prazo establecido nas bases o 30 de xullo de 2026.*
*Polo exposto, proponse a concesión da axuda solicitada.*
*Coirós, 21 de setembro de 2026*
*Raquel Montero González*
*Directora do CIM*

*Enterada,*
*A concelleira de Atención á muller (CIM)*
*Igualdade, Educación e Cultura*
*Yolanda Valiño Pena"*

Foi emitido informe de fiscalización previa da fase AD pola interventora municipal en data 22/10/2026, en sentido favorable.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 21.1.s da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Vista a delegación de competencias efectuada pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local no referente ás subvencións mediante Resolución 75/2026 (BOP nº 75 do 23/04/2026), elevo á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Conceder unha axuda por nacemento por importe de mil (1.000,00) euros a Raquel Sesar García, consonte á solicitude presentada en data 30/07/2026 e rexistro 202600000000644.

Segundo.- Autorizar e dispoñer un gasto por importe de mil euros (1.000,00€) con cargo á aplicación orzamentaria 231 48000 do vixente orzamento de gastos.

Terceiro.- Notificar o presente acordo á interesada, lembrándolle que a axuda concedida será xustificada no prazo de catro meses dende a notificación da concesión da mesma. Esta importe será xustificados mediante facturas na compra de produtos necesarios para os primeiros meses de vida da menor.

Cuarto.- Dar traslado dunha certificación do presente acordo ao CIM, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Coiros, a 22 de outubro de 2026.

O alcalde

Asinado: Francisco Quintela Requeijo"

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: YSwOT6b6jpKwRPgBRAK9 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14

**CONCELLO DE COIRÓS**

**5.3. Solicitude de subvención nominativa a nome de Comisión de Festas de Anta-Fervenzas. EXPEDIENTE: 2026/A003/00022**

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 22 de outubro de 2026, que se transcribe literalmente:

"**PROPOSTA DA ALCALDÍA**

**ASUNTO**: Solicitude de subvención nominativa a nome de Comisión de Festas de Anta-Fervenzas

**EXPEDIENTE**: **2026/A003/00022**

**ANTECEDENTES**:

Vista a solicitude con nº rexistro 668 presentada en data 14/08/2026 por Beatriz Domínguez Roca en representación da Comisión de Festas Anta-Fervenzas CIF V-15495195 , de subvención por importe de 500,00 euros para a organización e realización das Festas Patronais os días 1 e 2 de Agosto de 2026.

Tendo en conta que a base 21ª contempla esta subvención como nominativa, procede tramitar a aprobación dun convenio de cooperación.

Visto o borrador de convenio de cooperación proposto pola Alcaldía en data 22/10/2026, que se transcribe literalmente:

***"PROPOSTA CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE O CONCELLO DE COIRÓS E COMISIÓN DE FESTAS DE ANTA FERVENZAS. EXPTE. 2026/A003/00028***

*En Coirós, na data da sinatura dixital.*

***REUNIDOS***

*Dunha parte, D. Francisco Quintela Requeijo, Alcalde-Presidente do Concello de Coirós, con CIF P1502700F, e con domicilio en Coirós de Arriba nº 16 CP 15316 Coirós (A Coruña), que conforme ás atribucións que lle confire o artigo 21 da Lei 7/85, reguladora das bases do réxime local, intervén con capacidade plena para a sinatura do presente convenio.*

*Doutra parte, Dona Beatriz Domínguez Roca, con DNI ***2498** en nome e representación da Comisión de Festas Anta-Fervenzas, con CIF V-15495195, intervindo con facultade plena para a sinatura do Convenio.*

*Da fe do acto a secretaria do Concello de Coirós, María Cristina Varela García.*

*Tódalas partes recoñécense mutuamente, en calidade na que interveñen, con capacidade suficiente para o outorgamento do presente Convenio de Colaboración entre o Concello de Coirós e a Asociación .*

***EXPOÑEN:***

- *A Constitución Española sinala no seu artigo 43.3 que os poderes públicos fomentarán acción que melloren as condicións de vida dos cidadáns.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: YSWOT6b6jpKwRPgBRAK9 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14

**CONCELLO DE COIRÓS**

- *Que no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, xeral de subvencións prevese a posibilidade de concesión directa das subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.*
- *Que no artigo 28 da Lei 38/2003, xeral de subvencións configúrase o Convenio como instrumento habitual para canalizar as subvencións directas*
- *Que o Plan estratéxico de subvencións do Concello de Coirós para o período 2026-2027 (BOP nº 94 do 21/05/2026) prevese na área 4 Festexos e tradicións populares unha liña para a colaboración nas festas co obxectivo específico de canalizar os intereses veciñais e organizar eventos públicos de natureza festiva para o ocio e tempo de lecer, cun custe previsto de 6.900,00 euros.*
- *Que no artigo 14 da Ordenanza xeral de subvencións (BOP nº 170 do 07/09/2026) regúlase do procedemento para concesión directa de subvencións e na base 21ª de Execución do orzamento do Concello de Coirós para o ano 2026, prevese unha cantidade de 500 € para a Comisión de Festas de Anta-Fervenzas.*

*En base a todo o que se acaba de expoñer, subscríbese o presente Convenio de colaboración coas seguintes*

***CLÁUSULAS**:*

*PRIMEIRA: Que a finalidade do presente Convenio é a regulación do outorgamento dunha subvención nominativa prevista no artigo 14 da Ordenanza xeral de subvencións (BOP nº 170 do 07/09/2026) regúlase do procedemento para concesión directa de subvencións e na base 21ª de Execución do orzamento do Concello de Coirós para o ano 2026.*

*SEGUNDA: Que as actividades subvencionadas consisten nos gastos de celebración das Festas Patronais de Anta-Fervenzas os días 1 e 2 de Agosto.*

*TERCEIRA: Que o Concello de Coirós comprométese a achegar a cantidade de cincocentos euros, que se satisfarán á xustificación de dita subvención, con cargo á aplicación orzamentaria 231 48000 do orzamento para 2026, debendo inescusablemente xustificarse con posterioridade nos termos que se especifican no presente Convenio.*

*O coeficiente de financiamento é do 100% do orzamento de gastos da actividade, consonte á solicitude presentada con rexistro nº 668 o 14/08/2026 que ascende a 500 euros.*

*CUARTA: O presente Convenio de colaboración terá vixencia ata o 31 de decembro e nos termos establecidos pola normativa de subvencións, aplicable ó Concello de Coirós.*
*En ningún caso, o persoal para o desenvolvemento das actividades propias da Asociación terá vinculación ou relación laboral de ningún tipo co Concello de Coirós.*
*O Concello de Coirós non terá ningunha responsabilidade civil ou de accidentes individuais do persoal que preste os seus servizos durante a realización das actividades da entidade beneficiaria da subvención, debendo estar esta ao estrito cumprimento da normativa vixente na materia.*

*QUINTA: Gastos elixibles.*

*Considéranse gastos elixibles aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada (definida na cláusula segunda) e se realicen **dende o 1 de xaneiro ata o 31 de outubro de 2026**, sempre que se refiran a gastos referidos á actividade subvencionada.*

*Consonte o artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións (BOP nº 170 do 07/09/2026), subvencionaranse os gastos realizados no período a subvencionar que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada e resulten estritamente necesarios. En ningún caso o custe de adquisición destes gastos poderá ser superior ao valor de mercado.*
*Considerarase gasto realizado o efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado nas convocatorias ou instrumento que regule a subvención.*
*Así mesmo subvencionaranse aqueles custos indirectos imputables á actividade e custos de funcionamento ordinarios cando así se estableza expresamente na convocatoria ou instrumento que regule a subvención. En ningún caso subvencionaranse os xuros debedores das contas bancarias; os xuros, recargas e sancións administrativas e penais e*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: YSwOT6b6jpKwRPgBRAK9 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14

**CONCELLO DE COIRÓS**

*os gastos de procedementos xudiciais. Así mesmo non se subvencionarán os impostos indirectos que sexan susceptibles de recuperación ou compensación.*
*Os tributos son gastos que se subvencionarán cando a persoa, física ou xurídica, beneficiaria da subvención o abone efectivamente. En ningún caso se subvencionarán os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.*

*SEXTA: Segundo o establecido no artigo 32.1 da Lei xeral de subvencións, enténdese como gasto realizado o que fose efectivamente pagado pola entidade beneficiaria da subvención durante o período correspondente.*

*SÉTIMA: Ademais do disposto no artigo 7 da Ordenanza xeral de subvencións, son obrigas das beneficiarias:*

*I- Non estar incurso nas prohibicións para a obtención da condición de beneficiario do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e estar ó corrente nas súas obrigas fiscais co Concello.*
*II- Estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.*
*III- Someterse ás actuacións de comprobación e control que realiza o órgano municipal competente ou a intervención municipal, estando obrigado a facilitar toda a información que lle sexa requirido por estes no exercicio das súas función de fiscalización e control do destino das cantidades libradas, de conformidade cos termos regulados na Lei 38/2003.*
*IV- Comunicar ó Concello á obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recurso que financien as actividade subvencionadas. Esta comunicación deberase efectuar tan axiña como se coñeza, e en todo caso, antes da xustificación da aplicación dada ós fondos percibidos.*
*V- Realizar as actividades para as que se concede a subvención.*
*VI- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos nos documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de control e comprobación.*
*VII- Dar a adecuada publicidade de carácter público do financiamento da actividade subvencionada que sexa obxecto de subvención, co logotipo aprobado polo Concello.*
*VIII- Proceder ó reintegro dos fondos públicos recibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei xeral de subvencións.*
*IX- Respectar o principio de igualdade entre mulleres e homes no desenvolvemento das actividades subvencionadas.*

*Aos efectos de acreditar ditas obrigas, a entidade deberá presentar no Concello, xunto coa SOLICITUDE, a seguinte documentación:*

- *Copia simple dos estatutos en vigor da entidade, así como o acordo de composición actual dos órganos de representación.*
- *Copia simple do acordo de nomeamento de quen actúa na súa representación, e o seu DNI.*
- *Declaración responsable, asinada polo representante legal da entidade no seu nome, de non estar en ningún suposto de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de subvencións ou axudas públicas, unida á xustificación pola entidade de estar ó corrente das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social (art. 14.1.e) LXS) mediante as certificacións indicadas no art. 22 RGS (que solo se poden substituír por unha declaración responsable no caso de que o beneficiario non este obrigado a presentalas declaración ou documentos a que se refiren as obrigas anteriores; e en todo caso, o Concello deberá emitir de oficio certificado en canto á situación do beneficiario por obrigas tributarias relacionadas con este ente local.*
- *Relación dos gastos (conceptos e importes) nos que se prevé incorrer na cláusula I deste Convenio.*
- *Declaración responsable do conxunto de subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade e período obxecto de subvención. A estes efectos, indícase que esta subvención, dende o punto de vista do Concello, é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, sempre que, en ningún caso, a súa contía, engadida a da subvención outorgada polo Concello, supere o custe da actividade subvencionada.*

*No prazo máximo de quince días dende a sinatura do presente convenio, o Concello de Coirós procederá ao abono dun anticipo pre-pagable do 75% do importe da subvención.*

*OITAVA: Xustificación:*

*A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos na concesión, documentarase a través da rendición da conta xustificativa, que constitúe un acto obrigatorio da beneficiaria, no que se*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: YSwOT6b6jpKwRPgBRAK9 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14

**CONCELLO DE COIRÓS**

*deben engadir, baixo a responsabilidade do declarante, os xustificantes do gasto ou calquera outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxectivo da subvención.*
***A presentación da conta xustificativa realizarase como máximo o 15 de novembro de 2026** achegando ante o Concello a seguinte documentación xustificativa do emprego da subvención outorgada:*

- *I- Memoria a actuación con indicación das actividades realizadas e os obxectivos acadados e na que conste a declaración expresa de que se cumpriu coa finalidade da subvención mediante a realización da actividade para a que foi concedida.*
- *II- Memoria económica (relación clasificada de gastos), coa que deberán achegarse todos os xustificantes acreditativos dos gastos incluídos nesta relación así como os xustificantes de pago.*
- *III- Relación detallada dos ingresos ou das subvencións percibidas para o financiamento da actividade indicando o importe e a procedencia.*
- *IV- Certificado de titularidade da conta bancaria na que se realizará o abono da subvención.*
- *V- Acreditación das medidas de difusión e publicidade adoptadas. Deberán achegarse as fotografías acreditativas da inclusión no material publicitario ou da difusión da actividade o escudo do Concello de Coirós ou mención expresa da súa participación na actividade. Así mesmo, calquera información nos medios de comunicación (prensa escrita, radio, internet, boletíns ou notas internas do club, caso de existir, etc), deberán aludir á colaboración do Concello de Coirós.*

*No caso de que non se presente a xustificación dentro do prazo, requirirase ao beneficiario para que no prazo improrrogable de dez días a presente. A falta de presentación no prazo indicado comportará a perda do dereito ao cobro total da subvención, a esixencia do reintegro e demais responsabilidades previstas na Lei de Subvencións de Galicia.*

*A xustificación da subvención será aprobada por Resolución da Alcaldía, previa fiscalización por parte da Intervención municipal.*

*NOVENA: Procederá o reintegro total ou parcial das cantidades recibidas no suposto de incumprimento das condicións do presente convenio ou requirimentos de xustificación que poida facer a intervención ou o órgano municipal competente, así como polo resto de circunstancias reguladas nos artigos 36 e seguintes da lei xeral de subvencións.*

*DÉCIMA: Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio poderá constituírse unha comisión integrada por un representante de cada unha das partes asinantes, nomeados polo Alcalde do Concello e polo órgano competente da entidade beneficiaria.*

*DÉCIMO PRIMEIRA: Son causas de resolución do presente convenio:*

- *A denuncia de calquera das partes.*
- *O incumprimento total ou parcial das obrigacións estipuladas por parte de calquera dos asinantes.*

*DÉCIMO SEGUNDA: Infraccións e sancións: En materia de infraccións e sancións administrativas as partes remítense ao preceptuado nos artigos 52 e seguintes da Lei xeral de subvencións.*

*DÉCIMO TERCEIRA: O presente Convenio ten natureza xurídico administrativa. As cuestións litixiosas que xurdan na aplicación do presente convenio serán resoltas en vía administrativa polo órgano competente e, no seu caso, ante a xurisdición contencioso-administrativa.*

*DÉCIMO CUARTA: Para o non previsto neste convenio será de aplicación a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e o seu Regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, 21 de xullo, a ordenanza xeral de subvencións do Concello de Coirós (BOP nº 170 do 07/09/2026) e o resto da lexislación de Réxime Local reguladora de subvencións públicas e do procedemento administrativo.*

*DÉCIMO QUINTA: As partes asinantes declaran de obrigado cumprimento todo o consignado no presente convenio de carácter administrativo e sométense ao mesmo, ás bases de execución do Orzamento Xeral do Concello vixentes (base 21ª), que a entidade beneficiaria declara coñecer, e a normativa de aplicación na materia.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: YSwOT6b6jpKwRPgBRAK9 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14

**CONCELLO DE COIRÓS**

*E sen máis que manifestar, en proba de conformidade, asinan este convenio de colaboración no lugar e data indicados no encabezamento.*

*O alcalde* *O representante da Comisión de Festas*

*A secretaria-interventora*

*----------”*

Na aplicación 231.48000 do orzamento vixente existe crédito suficiente e dispoñible para facer fronte ao importe de gasto previsto (documento contable de retención de crédito n.º 220260000837).

Visto o informe de fiscalización previa emitido pola Intervención en data 22/10/2026, en sentido favorable.

Vista a delegación de competencias realizada por Resolución da Alcaldía núm. 75/2026 do 13/04/2026 (BOP n.º 75 do 23/04/2026) o órgano competente para a concesión de axudas directas (e debe entenderse que tamén a aprobación dos convenios que regulan as subvencións directas) é a Xunta de Goberno Local.

Polo exposto, elevo á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Aprobar o convenio de cooperación con cargo a cal se canalizará a subvención directa concedida a Comisión de Festas de Anta-Fervenzas CIF V-15495195 (G25879701) por importe de 500,00 euros para a organización e realización das Festas Patronais os días 1 e 2 de Agosto de 2026, nos termos indicados na parte expositiva.

Segundo.- Autorizar e dispoñer un gasto por importe de cincocentos euros con cargo á aplicación orzamentaria 231.48000 do vixente orzamento de gastos.

Terceiro.- Notificar á presente resolución á beneficiaria e comunicarlle que a sinatura do convenio se realizará telematicamente a través da sala de sinaturas.

En Coirós, a 22 de outubro de 2026.

O alcalde

Francisco Quintela Requeijo”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

**5.4. Solicitude de subvención directa a nome da Comisión de Festas de Espenuca – Caresma. EXPEDIENTE: 2026/A003/000026**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: YSwOT6b6jpKwRPgBRAK9 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14

**CONCELLO DE COIRÓS**

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 22 de outubro de 2026, que se transcribe literalmente:

"**PROPOSTA DA ALCALDÍA**

**ASUNTO**: Solicitude de subvención directa a nome da Comisión de Festas de Espenuca - Caresma

**EXPEDIENTE**: 2026/A003/000026

**ANTECEDENTES**:

Vista a solicitude con nº rexistro 202699900000693 presentada en data 01/09/2026 por Valentín López Orgeira en representación da Comisión de Festas de Espenuca Caresma (V-15489792), de subvención por importe de 1.000,00 euros para a celebración das Festas Patronais os días 5,6 e 7 de setembro de 2026.

Tendo en conta que a base 21ª contempla esta subvención como nominativa, procede tramitar a aprobación dun convenio de cooperación.

Visto o borrador de convenio de cooperación proposto pola Alcaldía en data 21/10/2026, que se transcribe literalmente:

***"PROPOSTA CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE O CONCELLO DE COIRÓS E COMISIÓN DE FESTAS DE ESPENUCA-CARESMA. EXPTE. 2026/A003/000026***

*En Coirós, na data da sinatura dixital.*

***REUNIDOS***

*Dunha parte, D. Francisco Quintela Requeijo, Alcalde-Presidente do Concello de Coirós, con CIF P1502700F, e con domicilio en Coirós de Arriba nº 16 CP 15316 Coirós (A Coruña), que conforme ás atribucións que lle confire o artigo 21 da Lei 7/85, reguladora das bases do réxime local, intervén con capacidade plena para a sinatura do presente convenio.*

*Doutra parte, Don Valentín López Orgeira, con DNI ***1043** en nome e representación da Comisión de Festas de Espenuca-Caresma, con CIF V-15489792, intervindo con facultade plena para a sinatura do Convenio.*

*Da fe do acto a secretaria do Concello de Coirós, María Cristina Varela García.*

*Tódalas partes recoñécense mutuamente, en calidade na que interveñen, con capacidade suficiente para o outorgamento do presente Convenio de Colaboración entre o Concello de Coirós e a Comisión de Festas .*

***EXPOÑEN:***

- *A Constitución Española sinala no seu artigo 43.3 que os poderes públicos fomentarán acción que melloren as condicións de vida dos cidadáns.*
- *Que no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, xeral de subvencións prevese a posibilidade de concesión directa das subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: YSwOT6b6jpKwRPgBRAK9 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14

**CONCELLO DE COIRÓS**

- *Que no artigo 28 da Lei 38/2003, xeral de subvencións configúrase o Convenio como instrumento habitual para canalizar as subvencións directas*
- *Que o Plan estratéxico de subvencións do Concello de Coirós para o período 2026-2027 (BOP nº 94 do 21/05/2026) prevese na área 4 Festexos e tradicións populares unha liña para a colaboración nas festas co obxectivo específico de canalizar os intereses veciñais e organizar eventos públicos de natureza festiva para o ocio e tempo de lecer, cun custe previsto de 6.900,00 euros.*
    - *Que no artigo 14 da Ordenanza xeral de subvencións (BOP nº 170 do 07/09/2026) regúlase do procedemento para concesión directa de subvencións e na base 21ª de Execución do orzamento do Concello de Coirós para o ano 2026, prevese unha cantidade de 1.000 € para a Comisión de Festas de Espenuca-Caresma*

*En base a todo o que se acaba de expoñer, subscríbese o presente Convenio de colaboración coas seguintes*

***CLÁUSULAS**:*

*PRIMEIRA: Que a finalidade do presente Convenio é a regulación do outorgamento dunha subvención nominativa prevista no artigo 14 da Ordenanza xeral de subvencións (BOP nº 170 do*

*07/09/2026) regúlase do procedemento para concesión directa de subvencións e na base 21ª de Execución do orzamento do Concello de Coirós para o ano 2026.*

*SEGUNDA: Que as actividades subvencionadas consisten nos gastos de celebración das Festas Patronais na honra de Santa Eulalia os días 4,5 e 6 de Setembro.*

*TERCEIRA: Que o Concello de Coirós comprométese a achegar a cantidade de mil euros, que se satisfarán á xustificación de dita subvención, con cargo á aplicación orzamentaria 231 48000 do orzamento para 2026, debendo inescusablemente xustificarse con posterioridade nos termos que se especifican no presente Convenio.*

*O coeficiente de financiamento é do 100% do orzamento de gastos da actividade, consonte á solicitude presentada con rexistro nº 202600000000693 o 01/09/2026 que ascende a 1.000,00 euros.*

*CUARTA: O presente Convenio de colaboración terá vixencia ata o 31 de decembro e nos termos establecidos pola normativa de subvencións, aplicable ó Concello de Coirós.*
*En ningún caso, o persoal para o desenvolvemento das actividades propias da Asociación terá vinculación ou relación laboral de ningún tipo co Concello de Coirós.*
*O Concello de Coirós non terá ningunha responsabilidade civil ou de accidentes individuais do persoal que preste os seus servizos durante a realización das actividades da entidade beneficiaria da subvención, debendo estar esta ao estrito cumprimento da normativa vixente na materia.*

*QUINTA: Gastos elixibles.*

*Considéranse gastos elixibles aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada (definida na cláusula segunda) e se realicen **dende o 1 de xaneiro ata o 31 de outubro de 2026**, sempre que se refiran a gastos referidos á actividade subvencionada.*

*Consonte o artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións (BOP nº 170 do 07/09/2026), subvencionaranse os gastos realizados no período a subvencionar que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada e resulten estritamente necesarios. En ningún caso o custe de adquisición destes gastos poderá ser superior ao valor de mercado.*
*Considerarase gasto realizado o efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado nas convocatorias ou instrumento que regule a subvención.*
*Así mesmo subvencionaranse aqueles custos indirectos imputables á actividade e custos de funcionamento ordinarios cando así se estableza expresamente na convocatoria ou instrumento que regule a subvención. En ningún caso subvencionaranse os xuros debedores das contas bancarias; os xuros, recargas e sancións administrativas e penais e*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: YSwOT6b6jpKwRPgBRAK9 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14

**CONCELLO DE COIRÓS**

*os gastos de procedementos xudiciais. Así mesmo non se subvencionarán os impostos indirectos que sexan susceptibles de recuperación ou compensación.*
*Os tributos son gastos que se subvencionarán cando a persoa, física ou xurídica, beneficiaria da subvención o abone efectivamente. En ningún caso se subvencionarán os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.*

*SEXTA: Segundo o establecido no artigo 32.1 da Lei xeral de subvencións, enténdese como gasto realizado o que fose efectivamente pagado pola entidade beneficiaria da subvención durante o período correspondente.*

*SÉTIMA: Ademais do disposto no artigo 7 da Ordenanza xeral de subvencións, son obrigas das beneficiarias:*

*I- Non estar incurso nas prohibicións para a obtención da condición de beneficiario do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e estar ó corrente nas súas obrigas fiscais co Concello.*
*II- Estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.*
*III- Someterse ás actuacións de comprobación e control que realiza o órgano municipal competente ou a intervención municipal, estando obrigado a facilitar toda a información que lle sexa requirido por estes no exercicio das súas función de fiscalización e control do destino das cantidades libradas, de conformidade cos termos regulados na Lei 38/2003.*
*IV- Comunicar ó Concello á obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recurso que financien as actividade subvencionadas. Esta comunicación deberase efectuar tan axiña como se coñeza, e en todo caso, antes da xustificación da aplicación dada ós fondos percibidos.*
*V- Realizar as actividades para as que se concede a subvención.*
*VI- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos nos documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de control e comprobación.*
*VII- Dar a adecuada publicidade de carácter público do financiamento da actividade subvencionada que sexa obxecto de subvención, co logotipo aprobado polo Concello.*
*VIII- Proceder ó reintegro dos fondos públicos recibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei xeral de subvencións.*
*IX- Respectar o principio de igualdade entre mulleres e homes no desenvolvemento das actividades subvencionadas.*

*Aos efectos de acreditar ditas obrigas, a entidade deberá presentar no Concello, xunto coa SOLICITUDE, a seguinte documentación:*

- *Copia simple dos estatutos en vigor da entidade, así como o acordo de composición actual dos órganos de representación.*
- *Copia simple do acordo de nomeamento de quen actúa na súa representación, e o seu DNI.*
- *Declaración responsable, asinada polo representante legal da entidade no seu nome, de non estar en ningún suposto de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de subvencións ou axudas públicas, unida á xustificación pola entidade de estar ó corrente das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social (art. 14.1.e) LXS) mediante as certificacións indicadas no art. 22 RGS (que solo se poden substituír por unha declaración responsable no caso de que o beneficiario non este obrigado a presentalas declaración ou documentos a que se refiren as obrigas anteriores; e en todo caso, o Concello deberá emitir de oficio certificado en canto á situación do beneficiario por obrigas tributarias relacionadas con este ente local.*
- *Relación dos gastos (conceptos e importes) nos que se prevé incorrer na cláusula I deste Convenio.*
- *Declaración responsable do conxunto de subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade e período obxecto de subvención. A estes efectos, indícase que esta subvención, dende o punto de vista do Concello, é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, sempre que, en ningún caso, a súa contía, engadida a da subvención outorgada polo Concello, supere o custe da actividade subvencionada.*

*No prazo máximo de quince días dende a sinatura do presente convenio, o Concello de Coirós procederá ao abono dun anticipo pre-pagable do 75% do importe da subvención.*

*OITAVA: Xustificación:*

*A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos na concesión, documentarase a través da rendición da conta xustificativa, que constitúe un acto obrigatorio da beneficiaria, no que se*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: YSwOT6b6jpKwRPgBRAK9 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14

**CONCELLO DE COIRÓS**

*deben engadir, baixo a responsabilidade do declarante, os xustificantes do gasto ou calquera outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxectivo da subvención.*
***A presentación da conta xustificativa realizarase como máximo o 15 de novembro de 2026** achegando ante o Concello a seguinte documentación xustificativa do emprego da subvención outorgada:*

- *I- Memoria a actuación con indicación das actividades realizadas e os obxectivos acadados e na que conste a declaración expresa de que se cumpriu coa finalidade da subvención mediante a realización da actividade para a que foi concedida.*
- *II- Memoria económica (relación clasificada de gastos), coa que deberán achegarse todos os xustificantes acreditativos dos gastos incluídos nesta relación así como os xustificantes de pago.*
- *III- Relación detallada dos ingresos ou das subvencións percibidas para o financiamento da actividade indicando o importe e a procedencia.*
- *IV- Certificado de titularidade da conta bancaria na que se realizará o abono da subvención.*
- *V- Acreditación das medidas de difusión e publicidade adoptadas. Deberán achegarse as fotografías acreditativas da inclusión no material publicitario ou da difusión da actividade o escudo do Concello de Coirós ou mención expresa da súa participación na actividade. Así mesmo, calquera información nos medios de comunicación (prensa escrita, radio, internet, boletíns ou notas internas do club, caso de existir, etc), deberán aludir á colaboración do Concello de Coirós.*

*No caso de que non se presente a xustificación dentro do prazo, requirirase ao beneficiario para que no prazo improrrogable de dez días a presente. A falta de presentación no prazo indicado comportará a perda do dereito ao cobro total da subvención, a esixencia do reintegro e demais responsabilidades previstas na Lei de Subvencións de Galicia.*

*A xustificación da subvención será aprobada por Resolución da Alcaldía, previa fiscalización por parte da Intervención municipal.*

*NOVENA: Procederá o reintegro total ou parcial das cantidades recibidas no suposto de incumprimento das condicións do presente convenio ou requirimentos de xustificación que poida facer a intervención ou o órgano municipal competente, así como polo resto de circunstancias reguladas nos artigos 36 e seguintes da lei xeral de subvencións.*

*DÉCIMA: Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio poderá constituírse unha comisión integrada por un representante de cada unha das partes asinantes, nomeados polo Alcalde do Concello e polo órgano competente da entidade beneficiaria.*

*DÉCIMO PRIMEIRA: Son causas de resolución do presente convenio:*

- *A denuncia de calquera das partes.*
- *O incumprimento total ou parcial das obrigacións estipuladas por parte de calquera dos asinantes.*

*DÉCIMO SEGUNDA: Infraccións e sancións: En materia de infraccións e sancións administrativas as partes remítense ao preceptuado nos artigos 52 e seguintes da Lei xeral de subvencións.*

*DÉCIMO TERCEIRA: O presente Convenio ten natureza xurídico administrativa. As cuestións litixiosas que xurdan na aplicación do presente convenio serán resoltas en vía administrativa polo órgano competente e, no seu caso, ante a xurisdición contencioso-administrativa.*

*DÉCIMO CUARTA: Para o non previsto neste convenio será de aplicación a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e o seu Regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, 21 de xullo, a ordenanza xeral de subvencións do Concello de Coirós (BOP nº 170 do 07/09/2026) e o resto da lexislación de Réxime Local reguladora de subvencións públicas e do procedemento administrativo.*

*DÉCIMO QUINTA: As partes asinantes declaran de obrigado cumprimento todo o consignado no presente convenio de carácter administrativo e sométense ao mesmo, ás bases de execución do Orzamento Xeral do Concello vixentes (base 21ª), que a entidade beneficiaria declara coñecer, e a normativa de aplicación na materia.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: YSwOT6b6jpKwRPgBRAK9 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14

**CONCELLO DE COIRÓS**

*E sen máis que manifestar, en proba de conformidade, asinan este convenio de colaboración no lugar e data indicados no encabezamento.*

*O alcalde* *O representante da Comisión de Festas de Espenuca -Caresma*

*A secretaria-interventora*

----------”

Na aplicación 231.48000 do orzamento vixente existe crédito suficiente e dispoñible para facer fronte ao importe de gasto previsto (documento contable de retención de crédito n.º 220260000837).

Visto o informe de fiscalización previa emitido pola Intervención en data 22/10/2026, en sentido favorable.

Vista a delegación de competencias realizada por Resolución da Alcaldía núm. 75/2026 do 13/04/2026 (BOP n.º 75 do 23/04/2026) o órgano competente para a concesión de axudas directas (e debe entenderse que tamén a aprobación dos convenios que regulan as subvencións directas) é a Xunta de Goberno Local.

Polo exposto, elevo á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Aprobar o convenio de cooperación con cargo a cal se canalizará a subvención directa concedida a Comisión de Festas de Espenuca Caresma (V15489792) por importe de 1.000,00 euros para a celebración das Festas Patronais os días 5,6 e 7 de Setembro de 2026, nos termos indicados na parte expositiva.

Segundo.- Autorizar e dispoñer un gasto por importe de mil euros (1.000,00.-) con cargo á aplicación orzamentaria 231.48000 do vixente orzamento de gastos.

Terceiro.- Notificar á presente resolución á beneficiaria e comunicarlle que a sinatura do convenio se realizará telematicamente a través da sala de sinaturas.

En Coirós, a 22 de outubro de 2026.

O alcalde

Francisco Quintela Requeijo”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

**5.5. Aceptación de emerxencia social expediente 2026/S009/000021.**

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 22 de outubro de 2026, que se transcribe literalmente:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: YSwOT6b6jpKwRPgBRAK9 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14

**CONCELLO DE COIRÓS**

**“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

**Asunto: aceptación de emerxencia social expediente 2026/S009/000021.**

Visto o informe presentado pola Traballadora Social, Mª Rosario Cal Dopico, con data 22/10/2026, relativo a un caso de emerxencia social para o expediente 2026/S009/000021.

Consta providencia da Alcaldía e dilixencia “intervido e conforme” emitida pola secretaria-interventora municipal con data 22/10/2026.

Existe crédito axeitado e suficiente na partida “A familias e Institucións sen fins de lucro” partida 256.231.48 para facer fronte a este gasto por importe de 154,55 euros.

Vista a delegación de competencias feita pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local, por Decreto núm. 75/2026 do 13 de abril (BOP nº 75 do 23/04/2026), o órgano competente para a concesión de “axudas directas cando se acrediten razón de interese público, social, económico ou humanitario que dificulten a súa convocatoria” é a Xunta de Goberno Local.

Visto o exposto, elevo á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO**: Aprobar a petición de axuda económica por emerxencia social para cubrir as necesidades do expediente 2026/S009/000021, polos motivos expostos no informe social de data 22/10/2026 que consta no expediente.

**SEGUNDO**: Aprobar e ordenar o pagamento por importe de 154,55 euros, que se fará efectivo mediante transferencia bancaria á taxista de Coirós con licenza nº 4

**TERCEIRO**: Notificar o presente acordo ao solicitante, con indicación dos recursos que procedan.

Coirós na data da sinatura dixital

O alcalde

Francisco Quintela Requeijo”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

**6º. Convenios**

**6.1. Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Coirós e o club Brutanzos Team. Nº Expediente 2026/A006/000003.**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: YSWOT6b6jpKwRPgBRAK9 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14

**CONCELLO DE COIRÓS**

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 21 de outubro de 2026, que se transcribe literalmente:

**"PROPOSTA DA ALCALDÍA**

**Asunto: aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Coirós e o club Brutanzos Team. Nº Expediente 2026/A006/000003.**

Considerando de interese para este concello a sinatura dun convenio de colaboración entre este concello e o club Brutanzos Team, con CIF G56842651.

Visto o informe emitido polo técnico de deporte en data 30/04/2026, que conclúe:

*"(...) En atención ao exposto, infórmase favorablemente a formalización do convenio de colaboración entre o Concello de Coirós e o Club Brutanzos Team, por considerarse adecuado aos obxectivos de promoción deportiva municipal e non apreciarse inconveniente técnico para a súa tramitación."*

Visto o informe xurídico emitido pola secretaria-interventora en data 21/10/2026.

Vista a delegación de competencias efectuada pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local no referente á aprobación de convenios, mediante Decreto núm. 75/2026 de data 13 de abril do 2026 (BOP nº 75 do 23 de abril do 2026).

Tendo en conta o exposto, elevo á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

PRIMEIRO: Aprobar o convenio de colaboración entre este concello e o club Brutanzos Team, con CIF G56842651.

SEGUNDO: Designar a Henrique Xesús Fidalgo Méndez, técnico de deportes, como representante municipal na comisión mixta de seguimento prevista na cláusula sétima.

TERCEIRO: Facultar ao alcalde-presidente para todo o relacionado coa tramitación e xestión deste asunto.

Coirós, a 21 de outubro de 2026.

O alcalde

Francisco Quintela Requeijo

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

O alcalde introduce un novo punto non comprendido na orde do día por vía de urxencia: a aprobación de bases para formación dunha bolsa de emprego na praza de asesor/a xurídico/a,

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: YSwOT6b6jpKwRPgBRAK9 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14

**CONCELLO DE COIRÓS**

dado que a titular está en situación de ILT dende agosto e procede a súa cobertura para que o CIM siga funcionando con normalidade.

Consonte ao disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a urxencia da súa inclusión na orde do día e pasan a tratarse estes asuntos.

**7º. Persoal**

**7.1. Bases para a formación dunha bolsa de emprego para a cobertura, mediante funcionario/a interino/a, da praza de asesor/a xurídico/a de igualdade do Concello de Coiros. Expte. 2026/X999/000090.**

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 22 de outubro de 2026, que se transcribe literalmente:

**"PROPOSTA DA ALCALDÍA**

**Asunto: Bases para a formación dunha bolsa de emprego para a cobertura, mediante funcionario/a interino/a, da praza de asesor/a xurídico/a de igualdade do Concello de Coiros. Expte. 2026/X999/000090.**

Vista a proposta de bases e convocatoria asinada pola Secretaría-Intervención en data 22/10/2026, que se transcriben literalmente:

*"**Bases para a formación dunha bolsa de emprego para a cobertura, mediante funcionario/a interino/a, da praza de asesor/a xurídico/a de igualdade do Concello de Coiros. Expte. 2026/X999/000090.***

***Primeira. Obxecto**.*

*É obxecto das presentes bases a realización dun proceso selectivo, mediante concurso-oposición, para a creación dunha bolsa de emprego na categoría de asesor/a xurídico/a de igualdade, para o desenvolvemento das seguintes funcións e tarefas específicas como persoal funcionario interino:*

*- Información e asesoramento xurídico as persoas usuarias do servizo.*

*- Colaboración na elaboración de memorias e documentos.*

*- Calquera función que, dentro do seu ámbito de actuación, lle encomende a persoa que exerce a dirección do CIM.*

*- Colaboración coa Secretaría Municipal en materia de igualdade de oportunidades e violencia de xénero.*

*A bolsa de emprego, que se formará pola relación dos/as aspirantes que superaran o presente proceso selectivo, destinarase á contratación do persoal que a integre cando se produza algunha das seguintes circunstancias (artigo 10.1 do EBEP):*

*a) A existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira.*

*b) A substitución transitoria dos titulares.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: YSwOT6bGjpKwRPgBRAK9 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14

**CONCELLO DE COIRÓS**

*c) A execución de programas ou proxectos de carácter temporal.*

*d) Exceso ou acumulación de tarefas.*

*A praza está encadrada na Escala de Administración Especial, subescala técnica, clasificada no Grupo A1.*

*As retribucións da praza son as determinadas no anexo do persoal do orzamento do exercicio 2026.*

***Segunda. Requisitos dos/as aspirantes.***

*Para tomar parte nas probas selectivas, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un á data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.*

*a) Ser español, ou nacional dun Estado membro da Unión Europea.*

*b) Estar en posesión da Licenciatura ou grado en Dereito ou equivalente.*

*c) Ter experiencia profesional de doce meses en temas relacionados coa igualdade de oportunidades por razón de xénero; débese entender incluída a experiencia en materia de violencia de xénero (non servirá a pertenza a quendas de oficio xerais ou específicas).*

*e) Ter formación de 200 horas en materia de igualdade por razón de xénero, débese entender incluída a formación en materia de violencia de xénero.*

*f) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza á que se aspira. A condición de discapacitado/a e a súa compatibilidade acreditarase pola correspondente certificación. Os aspirantes con minusvalía farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.*

*g) Non ter sido separado, mediante un expediente disciplinario, do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás entidades locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas. Idéntica situación será esixida aos nacionais dos demais estados membros da Unión Europea no seu caso.*

*e) Celga 4 (de non poder aportar Celga 4 ou equivalente participará en proba de aptitude de coñecemento do galego conforme estas bases).*

***Terceira. Sistema de selección.***

*Establécese como sistema de selección o concurso-oposición, tendo en consideración as funcións do posto, no que se valora a experiencia en postos semellantes e a formación específica do/as candidato/as.*

***Cuarta. Presentación de instancias**.*

*As instancias, segundo modelo que se acompaña no anexo I, dirixiranse ao Sr. alcalde do Concello e presentaranse no Rexistro Xeral, durante o prazo de cinco (5) días naturais contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio no BOP. Poderán así mesmo remitirse na forma determinada no art. 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común.*

*As bases serán publicadas integramente na sede electrónica do Concello de Coirós (https://sede.coiros.es/sxc/gl/procedimientosytramites/index.html#empleo_publico) e no taboleiro de anuncios.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: YSwOT6b6jpKwRPgBRAK9 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14

**CONCELLO DE COIRÓS**

*Xunto coa instancia achegarán a seguinte documentación (copia simple):*

*- Titulación*

*- Celga 4*

*- Acreditación da experiencia e formación mínima esixida*

*- Relación dos méritos que aleguen e xustificación documental dos mesmos para a súa valoración*

***Quinta. Admisión de aspirantes. Data e lugar de realización das probas.***

*Rematado o prazo de presentación de instancias a Alcaldía ditará a Resolución pola que declarará aprobada a lista de persoas admitidas e excluídas, con indicación do prazo de emenda que nos termos da Lei 39/2015, concédese aos aspirantes excluídos, e determina así mesmo lugar de comezo dos exercicios e a composición do Tribunal.*

*A devandita Resolución será publicada no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica municipal https://sede.coiros.es/sxc/gl/informacion/*

***Sexta. Tribunal cualificador.***

*Estará compostos polos seguintes membros, todos/as eles/as funcionarios/as públicos/as.*

*Presidente/a (titular e suplente): Un/ha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo de administración local, provincial ou autonómica, de titulación igual ou superior á praza obxecto da convocatoria.*

*1º vogal (titular e suplente): Un/ha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo de administración local, de titulación igual ou superior á praza obxecto da convocatoria.*

*2º vogal (titular e suplente): Un/ha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo de administración local, de titulación igual ou superior á praza obxecto da convocatoria.*

*3º vogal (titular e suplente): Un/ha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo de administración local, de titulación igual ou superior á praza obxecto da convocatoria.*

*Secretario/a (con voz e voto): Un/ha funcionario/a con habilitación de carácter nacional.*

*Os membros do tribunal deberán de absterse cando concorran as circunstancias previstas na Lei 40/2015 notificándoo á autoridade convocante, ou cando realizasen tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.*

*Aos efectos de percepción de asistencias polos membros concorrentes ás sesións dos tribunais, estes estarán clasificados segundo se indica no RD 462/2002 de 24 de maio (categoría primeira).*

***Sétima. Proceso selectivo.***

*Efectuarase mediante concurso-oposición.*

***A) Fase de concurso (puntuación máxima: 40 puntos)***

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: YSwOT6b6jpKwRPgBRAK9 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14

**CONCELLO DE COIRÓS**

*A fase de concurso será previa á fase de oposición e non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para superar a fase de oposición.*

*As persoas aspirantes achegarán xunto coa instancia a relación de méritos que aleguen, acompañando os documentos que os xustifiquen, en copia simple. Non se tomarán en conta nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados dentro do prazo de presentación de instancias.*

*Non computarán na fase de concurso a experiencia (12 meses) e a formación (200 horas) establecidas como requisitos de participación, que deberá marcar a persoa aspirante na solicitude.*

*Os méritos a valorar nesta fase e a súa puntuación serán os seguintes:*

*1º. Experiencia profesional (puntuación máxima: 20 puntos):*

*- Por cada mes completo de servizos prestados como persoal funcionario ou laboral en postos de traballo iguais ou similares (como asesor/a xurídico/a de igualdade ou en Centros de Información ás Mulleres acreditados pola Xunta de Galicia, ou acreditados por outra Administración autonómica): 0,10 puntos.*

*A experiencia acreditarase mediante as correspondentes certificacións das Administracións Públicas nas que se prestaron os servizos ou con contratos de traballo acompañados de informe da vida laboral expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social.*

*2º. Formación (puntuación máxima: 15 puntos)*

*a) Cursos de formación ou perfeccionamento relacionados directamente coas funcións do posto de traballo, impartidos por administracións públicas ou organismos dependentes das mesmas, por universidades ou colexios profesionais, por cada un deles:*

- *De 20 a 50 horas de duración: 0,10 puntos*
- *De 51 a 80 horas de duración: 0,20 puntos*
- *De 81 a 100 horas de duración: 0,40 puntos*
- *De 101 ou máis horas de duración: 0,50 puntos*

*b) Postgrao oficial, curso perfeccionamento universitario oficial en igualdade, violencia de xénero, dereito de familia, ou práctica xurídica/avogacía de 10 ou máis ECTS, ou de 275 horas ou más: 1,5 puntos*

*c) Docencia, titorías ou impartición de cursos ou ponencias sobre a materia (ata un máximo de 10 puntos):*

*- Por ser titor/a de cursos de 250 horas ou más realizados por Colexios profesionais, Consellos profesionais, Universidades, EGAP ou Escolas de Administracións públicas doutras comunidades autónomas: 5 puntos*

*- Por ser titor/a de cursos de menos de 250 horas realizados por Colexios profesionais, Consellos profesionais, Universidades, EGAP ou Escolas de Administracións públicas doutras comunidades autónomas: 2,5 puntos*

*- Por impartir formación ou realizar actividades en prol da igualdade para Colexios profesionais, Universidades, EGAP, Administracións públicas, empresas ou fundacións: 0,5 puntos por cada charla ou día de formación.*

*d) Formación en lingua galega (ata un máximo de 5 puntos)*

*- CELGA 5 ou equivalente: 3 puntos.*

*- Certificado de linguaxe administrativo superior: 1 punto.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: YSwOT6b6jpKwRPgBRAK9 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14

**CONCELLO DE COIRÓS**

*- Certificado de linguaxe xurídico superior: 1 punto.*

*- Certificado de linguaxe administrativo medio: 0,5 puntos*

*- Certificado de linguaxe xurídico medio: 0,5 puntos*

*A formación acreditarse coa achega dos títulos e/ou diplomas dos cursos, que expresen a súa duración e o seu contido, en copia simple.*

*Antes da confección da listaxe de candidatos/as para nomeamentos interinos, o tribunal requirirá a presentación dos documentos orixinais ou copia compulsada dos mesmos, para a debida acreditación dos méritos valorados.*

***B) Fase de oposición (puntuación máxima: 60 puntos)***

*A fase de oposición constará de dúas probas. Unha vez comezadas as probas selectivas, os sucesivos exercicios anunciaranse nos locais onde se celebren estas e no taboleiro de anuncios do concello. Os/as aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único.*

*Comezada a práctica dos exercicios, os tribunais poderán requirir en calquera momento os concursantes que acrediten a súa identidade.*

*Para determinar a orde de actuación dos/as aspirantes naqueles exercicios que non poidan celebrarse conxuntamente, iniciarase pola letra que determine o sorteo celebrado para o efecto.*

***Oitava. Desenvolvemento das probas***

*1ª proba (de carácter eliminatorio):*

*Consistirá na realización dun suposto práctico, relativos ao temario do Anexo II, durante un prazo máximo de noventa (90) minutos.*

*A valoración será de 0 a 60 puntos, e precisarase obter un mínimo de 30,00 puntos para superar esta proba.*

*2ª Proba*

*Coñecemento do idioma galego. A proba consistirá nunha tradución en ambos os dous sentidos. Cualificación de apto/non apto. Quedará exceptuado/a desta proba quen acredite estar en posesión do CELGA 4.*

*Ao obxecto desta proba incorporarase o persoal especializado que considerar o tribunal.*

*A puntuación final virá determinada pola suma da fase oposición e máis a de concurso, entre as persoas aspirantes que teñan superado a fase de oposición, (e no seu caso aptos na proba de galego).*

*En caso de empate entre as persoas candidatas tomarase como referencia primeiramente a maior puntuación na fase de oposición e de persistir, a puntuación do concurso pola orde dos seus apartados de méritos a valorar. De continuar o empate, este resolverase por sorteo.*

***Novena. Aprobación da bolsa de emprego e chamamentos.***

*Unha vez rematada a cualificación dos/as aspirantes, o tribunal publicará por orde de puntuación a relación de persoas aprobadas, e elevará a devandita relación á Alcaldía para a aprobación da bolsa de emprego.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: YSwOT6b6jpKwRPgBRAK9 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14

**CONCELLO DE COIRÓS**

*A bolsa de emprego publicarase no BOP e na sede electrónica municipal, e terá unha vixencia de de dous anos dende a publicación no BOP.*

*Os chamamentos realizaranse por funcionario/a municipal, no número de teléfono e/ou correo electrónico facilitado polo aspirante na solicitude de participación, e estenderase dilixencia acreditativa do mesmo para a súa constancia no expediente.*

*A aceptación da persoa chamada debe acreditarse documentalmente, ben respondendo ao correo electrónico, ben achegando un escrito de aceptación, no prazo máximo de cinco días naturais dende o chamamento.*

*Se a persoa requirida renuncia a ocupar o posto, unha vez realizado o chamamento, este pasará ao último lugar da lista das persoas que conforman a bolsa de emprego.*

***Décima. Presentación de documentos.***

*Coa aceptación do chamamento, o/a aspirante proposto/a achegará os documentos seguintes:*

*1. Fotocopia compulsada do seu Documento Nacional de Identidade.*

*2. Copia autenticada ou fotocopia compulsada do título ou, no seu caso, diploma sobre a base do cal se procedeu á admisión, ou ben xustificante de ter cumprido todos os requisitos para a expedición deste. Se estes documentos estivesen expedidos despois da data de terminación do prazo de presentación de instancias, deberá xustificarse a data en que finalizaron os correspondentes estudos.*

*3. Certificado acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza á que se aspira. No suposto de persoas discapacitadas, observarase tamén o que establece o apartado d) da base segunda da presente convocatoria.*

*4. Declaración xurada de non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo do Estado ás Comunidades Autónomas ou ás entidades locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.*

*5. Fotocopia da cartilla da Seguridade Social (no caso de estar dado de alta).*

***Undécima. Nomeamento e toma de posesión de prazas de funcionario/a.***

*Se dentro do prazo indicado, o/a aspirante proposto/a non presentase a súa documentación ou non reunise os requisitos esixidos, non poderá ser nomeado/a, e quedará anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades que incorrese por falsidade na instancia solicitando tomar parte no proceso selectivo.*

*O/a aspirante nomeado/a deberá tomar posesión no prazo de inco días naturais a contar dende o seguinte ao que sexa notificada a resolución do nomeamento.*

***Duodécima. Réxime xurídico.***

*O tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presentaren e tomar os acordos necesarios para a boa orde das probas no non previsto nestas bases.*

*Así mesmo, rexerán a lexislación básica do estado sobre Función Pública e o R. D. 896/1991, polo que se establecen as regras e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección do funcionariado da Administración*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: YSwOT6b6jpKwRPgBRAK9 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14

**CONCELLO DE COIRÓS**

*local. No non previsto nelas, a regulamentación que para o ingreso na Función Pública establece a Comunidade Autónoma de Galicia e supletoriamente, o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración do Estado.*

***ANEXO I***

*CONVOCATORIA DUN PROCESO SELECTIVO PARA BOLSA DE EMPREGO DA PRAZA DE ASESOR/A XURÍDICO/A DE IGUALDADE CON CARÁCTER DE INTERINIDADE.*

*Datos persoais*

| *Primeiro apelido:* | *Segundo apelido:* | *Nome:* | *DNI* |
|---|---|---|---|
| *Data de nacemento:* | *Sexo:* | *Concello:* | *Provincia:* |
| | *□Muller □ Home* | | |
| *Teléfono:* | *Enderezo:* | | |
| *Email:* | | | |
| *Municipio:* | *Provincia:* | *Nacionalidade:* | |

*O/a abaixo asinante, solicita ser admitido/a no proceso selectivo a que se refire a presente instancia, para o que declara:*

□ *Que posúe todos os requisitos que se esixen para o ingreso na función pública e máis concretamente na base segunda da convocatoria, comprometéndose a achegalos no caso de ser seleccionado/a.*

□ *Que está exento/a de realizar a proba de galego (só no caso de estar en posesión do CELGA 4 ou ter superado o curso de perfeccionamento en lingua galega ou nivel equivalente). Achega acreditación.*

□ *Que manifesta coñecer as bases da convocatoria e acéptaas na súa integridade.*

□ *Que admite as notificacións o través de mensaxe electrónica, o telefono xa indicado ou o n.º:*

*Coirós, _____*

*(Sinatura)*

*SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE COIRÓS*

***ANEXO II***

*A) PARTE COMÚN*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: YSwOT6b6jpKwRPgBRAK9 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14

## CONCELLO DE COIRÓS

*TEMA 1.- A Constitución Española de 1978. Estrutura: Os valores superiores na Constitución española. Título preliminar. Os dereitos e deberes fundamentais, as súas garantías e suspensión. A Coroa. As Cortes Xerais. A reforma constitucional.*

*TEMA 2.- O Poder Xudicial: regulación constitucional da xustiza. Ordes xurisdicionais e órganos xudiciais. O Tribunal Constitucional. Recurso de inconstitucionalidade e cuestión de inconstitucionalidade. O recurso de amparo.*

*TEMA 3.- O dereito da Unión Europea. Fontes. As directivas e os regulamentos comunitarios. As decisións, recomendacións e ditames. O procedemento lexislativo da Unión Europea. Relacións entre o dereito da Unión Europea e os ordenamentos xurídicos internos. Dereito da Unión Europea e dereito español. Relacións coas Comunidades Autónomas e as Entidades locais.*

*TEMA 4.- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. A capacidade de obrar e o concepto de interesado. Identificación e firma dos interesados no procedemento administrativo. A actividade das Administracións Públicas. Normas xerais de actuación. Dereitos das persoas nas súas relacións coas Administracións Públicas. Dereito e obrigación de relacionarse electronicamente coas administracións públicas. Linguas dos procedementos. Rexistros. Colaboración e comparecencia das persoas. Responsabilidade da tramitación.*

*TEMA 5.- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Dos actos administrativos. Concepto e clases. Elementos. Requisitos dos actos administrativos. Eficacia dos actos. A notificación. Nulidade e anulabilidade*

*TEMA 6.- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. O procedemento administrativo: iniciación, ordenación, instrución e terminación. Finalización do procedemento: a obriga de resolver. O silencio administrativo.*

*TEMA 7.- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Recursos administrativos. Principios xerais. Obxecto e clases. Normas xerais dos recursos administrativos. Recurso de alzada. Recurso de reposición. Recurso extraordinario de revisión. Procedementos substitutivos dos recursos administrativos: conciliación, mediación e arbitraxe. A suspensión da execución do acto percorrido*

*TEMA 8.- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público. Título Preliminar: Disposicións xerais. A Administración Xeral do Estado. Organización e funcionamento do sector público institucional. Relacións interadministrativas.*

*TEMA 9.- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Disposicións xerais. O municipio. Elementos. Territorio e poboación. Organización. Alcaldes. Os Tenentes de Alcalde. A Xunta de Goberno Local: composición e atribucións. O Pleno: composición e competencias. As Comisións Informativas.*

*TEMA 10.- Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. Disposicións xerais. Principios da protección de datos. Dereitos das persoas. Responsable e encargado do tratamento de datos. Réxime sancionador. Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Transparencia da actividade pública.*

*TEMA 11.- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia: Clases de funcionarios. Situacións administrativas. Réxime disciplinario. Dereitos e deberes dos funcionarios locais. Código de conduta dos empregados públicos. Réxime de incompatibilidades.*

*B) PARTE ESPECÍFICA*

*TEMA 12.- Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: Obxecto e ámbito da lei. O principio de igualdade e a tutela contra a discriminación. Políticas públicas para a igualdade. O dereito ó traballo e á igualdade de oportunidades. O principio de igualdade no emprego público.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: YSwOT6b6jpKwRPgBRAK9 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14

**CONCELLO DE COIRÓS**

*TEMA 13.- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Lei 12/2016, do 22 de xullo, pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero*

*TEMA 14.- Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade autónoma de Galicia en materia de igualdade.*

*TEMA 15.- Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento*

*TEMA 16.- Decreto 1/2014, do 9 de xaneiro, polo que se regula a creación do Centro de Recuperación Integral para Mulleres que Sofren Violencia de Xénero.*

*TEMA 17.- Resolución do 9 de xuño de 2015, da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade, pola que se publica o acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade de 21 de xullo de 2014, polo que se aproba o protocolo de derivación entre centros de acollida.*

*TEMA 18.- Decreto 157/2012, do 5 de xullo de 2012, polo que se desenvolve a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero no relativo aos órganos consultivos e de participación.*

*TEMA 19.- Lei 5/2010, do 23 de xuño, pola que se establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada.*

*TEMA 20.- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.*

*TEMA 21.- Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero: principios reitores. Medidas de sensibilización, prevención e detección. Dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero.*

*TEMA 22.- Dereitos laborais das mulleres vítimas de violencia de xénero. Real decreto lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.*

*TEMA 23.- Dereitos laborais das mulleres vítimas de violencia de xénero. Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto do empregado público.*

*TEMA 24.- Convenio do Consello de Europa sobre a prevención e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica, feito en Istambul o 11 de maio do 2011.*

*TEMA 25.- Pacto de Estado contra la Violencia de Género. Medidas a aplicar en el ámbito municipal. Delegación del Gobierno contra la Violencia de Género.*

*TEMA 26.- Concepto de vítima do delito. Lei 4/2015, do 27 de abril , do Estatuto da vítima.*

*TEMA 27.- Orde de protección . Lei 27/2003, de 31 de xullo, da orde de protección para as mulleres vítimas de violencia de xénero.*

*TEMA 28.- Orde de protección europea. Directiva 2011/99//do Parlamento europeo e do consello, de 13 de decembro de 2011, sobre a orde europea de protección.*

*TEMA 29.- Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor.*

*TEMA 30.- Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.*

*TEMA 31.- A protección de menores no dereito civil de Galicia: o desamparo e a tutela administrativa. A garda administrativa*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: YSWOT6b6jpKwRPgBRAK9 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14

**CONCELLO DE COIRÓS**

*TEMA 32.- O matrimonio. Réxime xurídico. Formas de celebración do matrimonio. A inscrición. Réximes económicos matrimoniais: consideracións. Capitulacións matrimoniais. Liquidación da sociedade de gananciais.*

*TEMA 33.- Asistencia xurídica gratuíta: Lei 1/1996, de 10 de xaneiro. Real Decreto 141/2021, de 9 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de asistencia xurídica gratuíta. Decreto da Xunta de Galicia 134/2017, de 7 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de Asistencia Xurídica Gratuíta de Galicia.*

*TEMA 34 .- Lei 4/2001, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar. Decreto 159/2003, do 31 de xaneiro, polo que se regula a figura do mediador familiar, o Rexistro de Mediadores Familiares de Galicia e o recoñecemento da mediación gratuíta.*

*TEMA 35 .- Lei 15/2015, de 2 de xullo, da Xurisdición Voluntaria. Tipos de resolución de conflitos: Conciliación, mediación, arbitraxe, negociación….*

*TEMA 36.- Corresponsabilidade e conciliación da vida familiar, laboral e persoal. Decreto 96/2014, do 3 de xullo, polo que se regulan os puntos de encontro familiar en Galicia. Puntos de encontro familiar en Galicia.*

*TEMA 37.- Real Decreto 1618/2007, de 7 de decembro, sobre organización e funcionamento do Fondo de Garantía do Pago de Alimentos.*

*TEMA 37.- Vivenda familiar: Natureza xurídica do dereito do uso da vivenda atribuído por resolución xudicial. Acceso ao rexistro da propiedade. Elemento obxectivo: vivenda familiar. Normas de atribución do uso da vivenda. Modificación da atribución do uso da vivenda.*

*TEMA 38.- Pensión compensatoria: Natureza e finalidade. Características. Diferenza con figuras afíns. Extinción e posible transformación da pensión de alimentos en compensatoria. Circunstancias persoais a ponderar para a concesión e cuantificación da prestación. Contido e modalidades. Cuantificación. Actualización. Substitución da prestación. Modificación por alteración substancias das circunstancias. Extinción. Transmisión da obrigación de pago por causa de morte. Fiscalidade. Relación entre a pensión compensatoria e a pensión de viuvez.*

*TEMA 39.- Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia: Titulares do dereito de acceso aos servizos sociais. Dereitos e Deberes das persoas usuarias. O sistema galego de servizos sociais: Estrutura do sistema.*

*TEMA 40.- As competencias das entidades locais en materia de servizos sociais. Os instrumentos de cooperación e coordinación interadministrativa en materia de servizos sociais.*

*TEMA 41.- As competencias das entidades locais en materia de igualdade. Os instrumentos de cooperación e coordinación interadministrativa en materia de igualdade.*

*TEMA 42.- Decreto-lei 6/2019, de 1 de marzo, de medidas urxentes para garantía da igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no emprego e a ocupación. Dereitos de conciliación.*

*TEMA 43.- Lei Orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social. Real Decreto 557/2011, do 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento da Lei Orgánica 4/2000, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, tras a súa reforma por Lei Orgánica 2/2009.*

*TEMA 44.- Título III do Libro II da A Lei de Axuizamento civil: título III do Libro II e título II do Libro III.*

*TEMA 45.- A Lei 2/2006, de 14 de xuño, de dereito civil de Galicia: título I, IX e X.*

*Bases propostas pola secretaria-interventora.*

*Coirós, a 22 de outubro de 2026.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: YSwOT6b6jpKwRPgBRAK9 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/

**Dirección**: Coirós de Arriba, 16
**CP**: 15316
**Concello**: Coirós, A Coruña
**Teléfono**: 981 79 64 14

**CONCELLO DE COIRÓS**

*Asdo.: María Cristina Varela García*

*Enterado,*

*O alcalde*

*Francisco Quintela Requeijo”*

Visto o informe favorable emitido pola Secretaria municipal en data 22/10/2026.

Vista a delegación de competencias feita pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local, por Decreto núm. 75/2026 de data 13 de abril de 2026 (BOP n.º 75 do 23.03.2026), pola presente elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

PRIMEIRO: Aprobar as bases propostas pola Secretaría-Intervención en data 22/10/2026 para a creación dunha bolsa de emprego para realizar nomeamentos interinos na praza de asesor/a xurídico/a de igualdade, e a convocatoria do proceso selectivo.

SEGUNDO: Publicar un anuncio no BOP e as bases íntegras no Taboleiro de Anuncios do Concello e na sede electrónica municipal.

Coirós, a 22 de outubro de 2026.

O alcalde

Asinado: Francisco Quintela Requeijo”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

Non habendo máis asuntos que tratar e sendo as catorce horas e trinta e seis minutos (14:36) o Sr. alcalde-presidente levanta a sesión, da que se estende a presente acta da que eu, como secretaria, dou fe.

Asinado pola secretaria-interventora, María Cristina Varela García, e polo alcalde, Francisco Quintela Requeijo, no Concello de Coirós, na data expresada á marxe da presente acta.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: YSwOT6b6jpKwRPgBRAK9 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/